



terraetempo
dixital galego de pensamento nacionalista

CPN

**Cadernos de
Pensamento
Nacionalista**

Xosé Díaz Díaz

23

Nación e sistemas de financiamento

Nota sobre o documento dos “expertos con
bandeira” cara o novo sistema de financiamento



terraetempo
dixital galego de pensamento nacionalista

***NACIÓN E
SISTEMAS DE
FINANCIAMENTO***

*NOTAS SOBRE O
DOCUMENTO DOS “EXPERTOS
CON BANDEIRA” CARA O
NOVO SISTEMA DE
FINANCIAMENTO*

NOTAS SOBRE O DOCUMENTO DOS “EXPERTOS CON BANDEIRA” CARA A REVISIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO

1 Resumo sintético das pretensións dos proponentes

- ✓ Trátase de un documento de carácter ***consultivo***, que por tanto, non implica obriga ningunha nin para o Goberno Central, sobre todo, nin para as propias CCAA afectadas, aquelas do chamado ***réxime común***.
- ✓ Ademais debe terse en conta que o documento é o froito da súa parte maioritaria (os “bolcheviques”) fronte a parte minoritaria (os “mencheviques”), e de aí a existencia de ***numerosas alegacións de todo tipo e caste***, que van desde o máis rancio rexionalismo, a totalidade delas menos unha, baseada en parte, no federalismo fiscal, desconsiderada radicalmente. Alegacións das que, como resulta demasiado habitual, ***GALIZA estivo ausente*** a través do representante nomeado pola Xunta de Galiza, xunto cos de Murcia e Asturias, posto que, seguramente, vivimos no mellor dos mundos posibles, non debemos molestar a ninguén, e moito menos de pór a súa indubidábel sapiencia intelectual sobre os sistemas de financiamento ao servizo dunha formulación positiva, dentro do posíbel neste marco, para o noso país. ***A subordinación á orde do día, soportada de maneira consciente e convencida.***
- ✓ A partires de agora, abriranse relacións bilaterais do goberno central coas diferentes CCAA, das que nacerá ***un documento base*** elaborado por ese goberno, que será sometido a discusión no órgano multilateral, o Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF), onde debe alcanzarse un ACORDO que, en xeral, suporá modificacións ao documento base apresentado. Os acordos/desacordos ***definitivos*** CCAA-Estado realizaranse posteriormente de maneira bilateral nas Comisións Mixtas Estado-CCAA_i. Do Acordo derivarase a modificación de diferentes normas (LOFCA, FCI, Lei do novo Sistema, Leis de “cesión” de tributos a cada unha das CCAA).
- ✓ As propostas, que van alén do contido propio dun sistema de financiamento (SdF), no referente a este, ***mantéñen no esencial o sistema actual, sen o modificar de maneira cualitativa.***

- ✓ Asemade, fano máis complexo e, por tanto, opaco, afondando no que, malia se considerar como un defecto do sistema, vén ocorrendo cos sucesivos SdF padecidos, *e continuará a acontecer co novo sucesor*.
- ✓ Continúa sen se fundamentar no concepto que implica un SdF: a *financiación das competencias transferidas ás diferentes CCAA para que poidan facelas operativas*, e prestar os diferentes servizos públicos que xestionan, en beneficio dos seus cidadáns. E o mesmo que nos demais, pérdense na *xustificación inútil da existencia ilusoria de* “solidariedades”, “igualdades”, “equidades”, falsarias, inauténticas, para apresentármonos implicitamente a consabida ideoloxía da necesidade de existencia dun Estado español cara facer posíbel a nosa propia existencia.
- ✓ Así pois, non se fundamentan *no custo real* das competencias transferidas, *declarando a súa determinación como algo imposíbel de alcanzar obxectivamente*, malia o moito que teñen avanzado as disciplinas económicas, entre elas a Contabilidade Analítica, para sustentar tal custo nunhas *variábeis e unhas ponderacións* das mesmas, de carácter máis ou menos arbitrario que, en todo caso, PREDETERMINAN os resultados do SdF, é dicir, quen son os perdedores e quen son os gañadores, a través da imposición da pura subxectividade, mais sobre todo, *do peso político de cada quen*. Resulta curioso e esperpéntico que persoas que se auto-caracterizan como “técnicos”, “científicos”, neguen a *obxectividade da verdade* de existencia dun custo real das competencias transferidas. Como se estas foran unhas *“ cousas en si ”* kantianas, que consideraba este filósofo, eran incognoscíbeis e inaccesíbeis para a razón humana. Desta maneira o principio de SUFICIENCIA, mesmo expresado na propia LOFCA (sobre *os principios* no exercicio da actividade financeira das CCAA, no artigo 2, letra f), establece a *“suficiencia de recursos* para o exercicio das *competencias propias* das CCAA”), pode sortearse, inutilizándoo, como tantas cousas das que se presume na súa constitución, o seu texto sacro, *par excellence*.

O seu propio ideólogo xefe, que os alcuma como “expertos **con bandeira**”, na súa alegación ao documento destes, como porta-estandarte *da bandeira* españolista, que todos eles veneran, logo dunha dura crítica que mesmo formula, entre outras cousas, a eliminación do capítulo 2 enteiro, o que, por si mesmo *xa limita gravemente a utilidade deste documento para o goberno central*, entende máis realista e construtiva a respecto desta formulación da LOFCA o facer unha *“re-interpretación* deste principio” en termos de

suficiencia de *“instrumentos”*, máis que *“de fondos”*, e todo resolto, pois é ben sabido que as CCAA se financian con instrumentos, non con recursos reais, obxectivos.

É mais, para que vexamos na práctica o moito que nos serve a legalidade españolista cara a resolución dos nosos propios problemas, os propoñentes, nun ámbito diferente, o da *“lealdade institucional”* que asemade resolven ao estilo do antes citado e “autoridade” de todos eles, recomendan como prudente que, *“de cara ao novo sistema, se intenten saldar as “contas” derivadas da lealdade institucional do modelo 2009 –en vigor–, coa nova garantía de suficiencia financeira que se acorde. É dicir, se volva a facer borrón e conta nova cun novo sistema suficiente”*. Amén. Tal consecuencia inútil para as CCAA na práctica, que parece unha broma, fundaméntana sobre todo informándonos da Sentencia 13/2007 sobre tal lealdade do celeberrimo, afamado e denominado Tribunal Constitucional, que todos eles adoran por principio, segundo a que *“non existe un dereito das CCAA constitucionalmente consagrado a recibiren un determinado financiamento, senón un dereito a que a suma global dos recursos existentes de conformidade co sistema aplicábel en cada momento sexa partillado entre elas respectando os principios de solidariedade e coordinación”*. Sempre agarrándose a entelequias como a “solidariedade” inexistente, para evitar cumprir con rigor o que prescribe a propia LOFCA.

- ✓ *Defenden unha concepción tributaria regresiva*, e así fundamentan os impostos “cedidos” as CCAA (que forman, segundo eles, a súa *“capacidade tributaria”*) nos impostos indirectos (IVA e IIEE).
- ✓ Por suposto, non incorporan ningún novo imposto dos principais, en especial o de Sociedades, que nin sequera se dignan citar en todo o seu longo texto, cheo de lugares comúns e de reiteración dos argumentos de sempre, actualizados a situación de hoxe, sobre os seus sistemas de financiamento *das rexións*, desconsiderando e ignorando a existencia de nacións.
- ✓ Na mesma liña *restrinxen as escasas competencias normativas* existentes nos tributos “cedidos” directos, nomeadamente, no caso do IRPF, da que a eliminación da competencia *sobre a fixación do mínimo persoal e familiar*, non é precisamente a menor. Así, fundamentan o incremento impositivo na “cesión” nunha porcentaxe maior a actual no caso do IVA e dos IIEE, divididos en dous tramos (estatal e autonómico) e a suba, que lles gustaría *obrigatoria*, dos tramos *autonómicos*, demostrándonos o carácter reaccionario e

regresivo da súa concepción tributaria e o intento de que aparezan as CCAA como as culpábeis reais fronte aos habitantes de todo o estado, coa pretensión de deixar a este a salvo de toda crítica e implicitamente, acelerar o proceso de desfeita do seu estado das autonomías, que quizais, sen que sexa a súa pretensión, ***serva para dunha vez afrontar o problema nacional realmente existente***.

- ✓ O tratamento do que chaman de xeito ben significativo IVA e IIEE “***colexiados***”, é dicir, actuando á vez todas as CCAA, incluídas as forais, anulan de facto toda idea des-centralizadora efectiva da imposición indirecta, o que ademais da súa dificultade de posta en práctica (de aí as súas pretensións de obrigatoriedade), anularía a autonomía ***individual*** das CCAA, tal como acontece no sistema actual, sen tanta complicación estúpida e reaccionaria.
- ✓ Pretenden unha morea de medidas no intento de ***acadar unha re-centralización impositiva*** e mesmo do escaso aparello administrativo tributario hoxe existente (espazo fiscal), formulando o que denominan unha administración tributaria ***integrada***, poñéndose na ***onda re-centralizadora*** a que estamos asistindo dunha maneira agudizada nos últimos anos, xustificada, aparentemente, co argumento da crise financeira e económica padecida, e na realidade ***polo renacemento da problemática nacional***, que non territorial, no estado español, especialmente no caso catalán. Practicamente veñen a defender ***todo o poder para organismos como as*** Conferencias sectoriais, a CPFF, a AEAT, e outros organismos de coordinación e control centralizado que “inventan” ao longo do seu documento.
- ✓ Deste xeito, ***se incorpora***, sen vir a conto, en relación co sistema de financiamento, ***a regresiva e re-centralizadora L.O. 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria*** [=equilibrio ou superávit orzamentario] e de ***Sustentabilidade Financeira***, que, segundo eles, debe convertérense nunha ***cultura (!)***, por tanto, declaradas de carácter eterno, ***que pretende anular toda autonomía propia das CCAA na instrumentación da política orzamentaria***, a través da consideración do déficit das CCAA como variábel de control chave, da xa famosa “regra de gasto” e do seu endebedamento que mesmo formulan en algún momento anular (!), reservando toda a liberdade para o seu estado, cando a propia L.O. referida ten como un dos obxectivos centrais situalo no 60% no ano 2020 repartido en 44, 13 e 3% para a Administración central, CCAA e CCLL, respectivamente. É dicir, que a primeira, que pode aplicalo libremente, sen limitacións, quédase con case as $\frac{3}{4}$ partes do mesmo, malia o escaso gasto que representa, se lle temos de facer caso aos elaboradores deste

documento, por outra parte “asustados” de tanta descentralización como a que existe neste estado, malia o que respecto a isto manifesta un recente informe da ultra-liberal OCDE. L.O. 2/2012 que, como sabemos é unha derivación necesaria do artigo 135 da CE, modificado en setembro de 2011.

- ✓ Incorporan un *ataque en todas as fronteas aos sistemas de concerto (ou convenio)*, desprezando o seu baseamento no Estatuto de Gernika, (como en xeral, todos os Estatutos que nin aparecen citados para nada ao longo de tan prolixo documento), a recente Lei sobre o cupo con base 2017, *nunha pretensión imposible de o asemellar ao sistema de réxime común*, mesmo facéndooos achegar unha contía de 2.600 M€ en concepto, segundo eles, de atención “á solidariedade”. E para aviso a navegantes, advirten que a “*participación conxunta*” que implica a súa administración tributaria *integrada*, non pode se identificaren “con un *modelo de xestión fraccionada* do sistema tributario”, onde cada CCAA sexa competente para xestionar “*todos os tributos xerados no seu territorio*”, é dicir, *os tributos que realmente soportan*, por exemplo, os galegos, que por suposto, para estes “científicos” non constitúen a verdadeira *capacidade tributaria* dos galegos, senón a ficción do conxunto de tributos “cedidos”, que *veñen a significar como moito o 45% dos soportados*.
- ✓ Trátase, xa que logo, dun modelo de financiamento autonómico de unidades descentralizadas *con simples carácter de rexión*, que parte da existencia indiscutíbel e irracional dunha soberanía *única*, carecendo as tais unidades descentralizadas de todo poder efectivo, da máis mínima sinal de soberanía propia, polo que *se identifica unha descentralización administrativa cunha descentralización política*, que de tal se tratar, para buscar a confusión dos incautos. O que ten como corolario, a intensificación do arredismo como vía única para os que, lexitimamente, reivindican a súa soberanía. Implicitamente latexa neles, un desexo, nalgún caso incontrolábel, de alcanzar de facto *a eliminación de toda descentralización real, para maior gloria do seu estado benfeitor*.
- ✓ Tentan potenciar, nunha manifestación máis da profunda re-centralización que significa o contido do documento, todos os órganos de decisión sob o artificio da coordinación e a colaboración, como resulta ser o caso do CPFF ou as Comisións Sectoriais, afondando na *relación multilateral obrigada*, con tendencia á eliminación de toda relación de carácter bilateral, como corresponde á *relación xerárquica realmente existente e “natural”* entre o estado e as unidades descentralizadas administrativas.

- ✓ No mundo irreal no que respiran, seguen a machucaren nos tópicos recorrentes que conforman os seus principios “científicos” de (inexistentes) solidariedades, iguais e nivelacións, cara manter a situación dependente e subordinada de Nacións como a nosa, e glorificar un estado, que por causa do anterior e das súas actuacións ***impídenos un desenvolvemento normalizado en función dos nosos intereses.***

2. O Sistema de financiamento en vigor.

Xa de entrada veñen a presumiren da “enorme” descentralización do Estado, sen entrar en análise ningunha dos gastos e ingresos, do carácter condicionado ou non dos primeiros, do volume e capacidade normativa e de xestión dos tributos “cedidos”, ocultando e preservando a función da Seguranza Social para o seu sacro estado, como se impostos e cotizacións sociais se xerasen no ceo *capitalino* e *mesetario*.

Sirva para desmentiren isto a alegación formulada polo representante das Illes Balears, quen remite ao libro da OCDE (2016) “Making Decentralization Work” onde, nunha formulación ampla dos aspectos que implica a descentralización, e da súa aplicación aos seus estados integrantes, os máis industrializados, sitúa a do estado español ***pouco por riba do caso dos estados unitarios.***

Porén, a nosa preocupación debe se dirixiren primeiramente a como funciona o modelo de carácter rexional (tamén chamado de réxime común), que centraremos nas cuestións seguintes¹:

- a) Clarificar como se calculan as diferentes ***Necesidades de Gasto*** para exercer as competencias transferidas polas diferentes CCAA, que nunca se fundamentou no custo real das mesmas, en condicións dun ***exercicio eficiente e eficaz equivalente para todas as CCAA***, que se suplanta por un conxunto de variábeis arbitrario ás que se asigna unha ponderación nunca xustificada e o mesmo de arbitraria, polo que o resultado que se deriva disto diverxe máis ou menos considerabelmente dese custo real, con graves consecuencias para as diferentes CCAA, en particular a nosa. Ademais, unha vez establecidas, *a priori*, as variábeis e ponderacións, debe quedar claro que quedan

¹ Ver Revista Terra e Tempo, Nº 159-162 “A liquidación do sistema de financiamento das CCAA de réxime común en 2009”, que foi o ano de entrada en vigor do presente sistema.

determinados o resultados do sistema de financiamento e, polo mesmo, quen son as CCAA ganadoras e perdedoras, entre estas sempre, casualmente, a nosa Galiza. E, a maiores, e moi importante, logo do anterior, se pretende que ese conxunto de variábeis e ponderacións (denominada **Poboación Axustada** no sistema en vigor) reflicte **exactamente** e con naturalidade o custo real de subministro das competencias transferidas, no mundo irreal no que viven os españoлисты, **que confunden as identidades contábeis con auténticas leis naturais**, procedemento fraudulento que, por si propio, anula toda pretensión de **cientificidade** e realidade do modelo.

- b) No **ano base** ten de acontecer, necesariamente, que as Necesidades de Gasto (o custo das competencias) sexa igual aos Recursos financeiros necesarios cara o financiamento desas competencias. {NG = RRFF}.
- c) Nos anos sucesivos, posto que **a evolución dos gastos e dos ingresos é máis ou menos diferente**, xa que cada un deles depende de variábeis moi diferentes [a demanda dos servizos esenciais, por exemplo, non só non baixa senón que medra nos momentos de crise, cando máis se resenten os ingresos, por indicaren un caso extremo] **xorden**, na evolución no tempo, **desigualdades** entre o gasto das competencias e os ingresos que os financian, sendo este o motivo esencial da modificación ou revisión periódica dos SdF.
- d) Así se distingue entre as suficiencias **estática** [no **ano base**, e no ano de entrada en vigor no caso do sistema vixente²] e **dinámica**, é dicir, **na súa evolución temporal**, o que requiriría da existencia duns **indicadores de actualización** no tempo dos recursos financeiros, de tal que maneira que sempre se re-establecera o equilibrio entre o custo das competencias e os recursos que as financian, **algo inexistente en todos os sistemas** de financiamento que padecemos. A mesma utilización dun indicador fundamentado na recadación estatal, descontada a “cedida” ás CCAA, do IRPF, IVA e IIEE (denominado ITE, **ingresos tributarios estatais**, o que é unha grande trola, pois o sistema fiscal único español é máis amplo que estes impostos) se caracteriza por unha grande variabilidade en función da conxuntura, por non mencionar as situacións de crise económica, como a que estamos a padecer aínda. Así, por exemplo o ITE(2007, 2009), entre os anos base (2007) e o de entrada en vigor (2009) tivo un valor de 0,5864, o que equivale a que **a recadación estatal dos tres impostos citados no ano 2009 se situara en algo menos do 59% do seu valor no ano 2007**, o que provocou a práctica **inutilidade do SdF** en vigor,

² Suficiencia estática que non nos debería facer perder de vista que só existirá se o custo das competencias está correctamente calculada para todas e cada unha das CCAA.

facendo estragos nas diferentes CCAA, incapaces de afrontar as demandas dos seus cidadáns. Houbo de agardar ao ano 2014 para recuperar o nivel de 2007, cando o $ITE(2007,2014) = 1,0291$. O Fondo de Suficiencia Global, así como a “Achega estatal” que supón unha parte menor para formar o Fondo de Garantía dos SSPPFF, evolucionan precisamente en función de este indicador, o ITE.

- e) En resumo, podemos simplificar a totalidade dos recursos financeiros no seguinte: $RRFF = \text{Tributos 'cedidos' ("Capacidade Fiscal" ou canastra de impostos)} + \text{Transferencia/s}$. Ou, $(1) RRTT = TC + T$.

Esta división dos recursos financeiros non é unha casualidade senón **unha necesidade**, de cara a espallar a ideoloxía españolista que impregna os SdF, como non podería ser doutro xeito³. Elíxese unha canastra que non financia o 100% do custo das competencias transferidas, para que apareza, de novo, o estado salvador e benevolente, achegando a transferencia/s necesaria cara cubriren o custo total, e de aí o carácter de subsidiada, que pregoa con contumacia todo o españolismo a respecto do noso país, para pór un caso, que parece contar con máis consenso do que debería de andar algo máis espertos. É doado se decatarse que a formulación anterior ten máis trampas e falsidades que un filme de chineses, de cara a acadar os seus obxectivos ideolóxico-políticos.

- f) En primeiro lugar, a tal canastra financeira, ou os considerados como Tributos ‘Cedidos’ [polo estado salvador, claro] pretende asentar a idea de que os recursos tributarios **nacen no ceo capitalino, madrileño**, formulación a que non chegarían nin os máis radicais idealistas subxectivos. En segundo lugar, a canastra non contén **todos** os impostos do sistema fiscal **único** español, quedando fóra impostos como o de Sociedades, Renda de non Residentes, Primas de Seguros, Tráfico exterior, ou as taxas, prezos públicos e outros ingresos, na parte non integrada no SdF. En terceiro lugar, dos impostos ‘cedidos’, os principais [IRPF, IVA e Impostos Especiais (IIEE)] **non son cedidos** –o seu rendemento-, **ao 100%**, senón nunhas porcentaxes moito inferiores (no SdF actual o IRPF e o IVA no 50%, e os IIEE, no 58%).

³ Nótese como xustifican isto na páxina 16 (parágrafo 31) do Capítulo 1: “*Dadas as diferencias de renda existentes entre as CCAA, a existencia dunha **razoábel** igualdade en capacidade de gasto por unidade de necesidade **non permite deseñar o sistema de xeito que todas elas se financien enteiramente con tributos “cedidos” –aspas nosas-, que recaían sobre os seus propios cidadáns, e exige a utilización de transferencias de nivelación que, inevitablemente, terán un peso moi importante no financiamento dos territorios de menor renda***”. Aquí temos resumida case toda a ideoloxía españolista en relación cos SdF. Mais adiante poñeremos de manifesto, a ficción e mistificación que estas afirmacións representan, e como a finalidade das inevitábeis transferencias “de nivelación”, é nos manter atados a un SdF que corresponde a idea do noso País **como unha rexión**.

- g) Máis o elemento nuclear para os fins dos españolistas é a denominación desta canastra de impostos, así formulada⁴, como “**Capacidade Fiscal**” dunha CCAA dada. Obviamente, a **CAPACIDADE FISCAL GALEGA**⁵ a constitúe a **totalidade dos impostos soportados polos cidadáns e empresas galegas, ou que actúan na Galiza**. Os galegos –individuos ou empresas—pagan impostos como o de Sociedades, Primas de Seguros,, e, por suposto, non pagamos o 50% do IRPF ou do IVA, senón o 100% e o mesmo no caso dos IIEE, por poñer uns exemplos evidentes.

Así o que os “expertos” chaman con teimosía interesada mais irracional “Capacidade Fiscal” (ver páxina 4 do documento, mais tamén o Acordo e a Lei do SdF, 22/2009), no caso galego, **non chega nin ao 45% da nosa Capacidade Fiscal real, soportada**, e que o Estado succiona de maneira colonial, ou como se queira. E é que os SdF están inzados, necesariamente, de mistificacións, preséntannos unha realidade falseada, alienada, que temos a obriga de desvendar e entender, e para iso non é preciso coñecer, en absoluto, a endemoñada complicación *numero-lóxica* dos mesmos, que nin a maioría deles mesmos son capaces de entenderen con precisión.

O mesmo papel xoga a **identificación da Poboación Axustada**, definida por un conxunto de variábeis demográficas e non demográficas, así como a ponderación que se atribúe, máis ou menos arbitrariamente a cada unha delas, **co custo real das competencias** ou “para calcular a poboación axustada por **custos relativos**”.

- h) Por outra parte, os tributos cedidos parcialmente, sono nunhas porcentaxes que **son idénticas** para todas as CCAA afectadas. En consecuencia, dado o seu diferente nivel de desenvolvemento –xa que a “**igualdade territorial**” predicada pola súa sacra e magna constitución é do mesmo teor que todas as igualdades que se predicán nos SdF, é dicir, unha falsidade, como poñen en evidencia a realidade, e as propias cifras do seu INE--, as CCAA cobren, cos tributos “cedidos” que reciben, unha parte **moi diferente dos seus Recursos totais**, entendidos estes como a suma da canastra de impostos máis todas as transferencias (no sistema en vigor, a do Fondo de Garantía dos SSPPFF, o Fondo de Suficiencia Global (Título I da lei), e os Fondos de **Converxencia**

⁴ Sen entrar aquí na importante cuestión das competencias normativas nos impostos que integran a canastra, nin quen realiza a exacción, xestión, recadación, revisión, sanción e inspección, o que nos permitiría falar de algún xeito dunha facenda galega ou dun espazo fiscal galego.

⁵ Aquí consideraremos só a derivada do sistema único fiscal español, sen inclusión dos impostos das Corporacións Locais.

(Fondo de Cooperación e Fondo de Competitividade) (Título II da lei, unha nova ficción, Realmente trátase de afondar **na diverxencia**).

Non sería o mesmo ou máis correcto que as porcentaxes de cesión fosen **distintas** para cada CCAA, de maneira que todas elas puideran alcanzar **a mesma porcentaxe deses recursos totais?**

De lles parecer moita complicación que se lembren do que acontece cos índices de consumo das CCAA, elaborados polo INE, por exemplo, para o cálculo territorial do IVA ou dos IIEE. Alén disto, no ano 2014, é doado comprobar para o caso galego, **que coa cesión do 75% do IRPF, IVA e IIEE de Fabricación, os Recursos Tributarios “cedidos” a Galiza serían equivalentes á totalidade dos recursos con carácter normativo** (é dicir, sen facer uso das competencias normativas, como se realizan os cálculos, na miña opinión de maneira absurda, mais isto agora non é o principal) que lle dá o SdF nese ano. É dicir, **Galiza non precisaría de ningunha das transferencias mencionadas** (identificadas coa “solidariedade”) que recibe: as dúas antes mencionadas do Título I da lei, e o Fondo de Cooperación, no caso do Título II. E estes recursos tributarios, así calculados, **non chegan nin ao 64% dos tributos que, como mínimo, soportamos os galegos nese exercicio**, quedando o Estado co 36% restante, malia que a aparencia apresetanos isto, como si **todos** os recursos tributarios se xeraran en Madrid, na súa capital, e o Estado nos “cede” o que lle veña en gana.

- i) Na Táboa seguinte, presentamos un resumo dos resultados do SdF en 2014, de acordo cos Cadros de Liquidación do SdF, achegados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, presentados en termos normativos. Neste sentido é moi importante decatarse que **a diferencia entre a recadación normativa e a real**, curiosamente, **é moi superior no caso primeiro**, chegando a 4.191 M€ para o conxunto das CCAA de réxime común (132 M€, no caso galego), mais obedece, esencialmente, ás diferencias nos Impostos cedidos tradicionais (especialmente nos casos dos impostos de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (TP&AXD) e a Taxa sobre o Xogo), en virtude da **disparatada fórmula de cálculo** que os “científicos” de quenda inventaron no sistema en vigor, para o cálculo normativo destes impostos mencionados. De nota vaia, **cando o que se pretendía era os aproximar á realidade**. Unha evidencia máis da súa incapacidade de entenderen a tal realidade, por se empeñar de maneira enfermiza no invento de “ilusións igualadoras”.

COMUNIDADE AUTÓNOMA	RR Tribut.	Tranfs.	RR TOTAIS	Comp. Singul.	Comp. Homox.	Dif. RR TOT.
<i>Catalunya</i>	18.207	754	18.961	2.447	16.514	-1.297
<i>GALIZA</i>	5.231	1.943	7.175	315	6.860	-177
<i>Andalucía</i>	13.611	5.065	18.676	848	17.828	663
<i>Asturias</i>	2.307	465	2.771	79	2.693	-110
<i>Cantabria</i>	1.369	455	1.824	135	1.689	-410
<i>A Rioxa</i>	682	274	956	73	883	-177
<i>Murcia</i>	2.495	582	3.078	19	3.058	333
<i>C. Valenciá</i>	9.908	745	10.653	333	10.320	847
<i>Aragón</i>	3.117	459	3.576	88	3.488	-207
<i>Castela - A Mancha</i>	3.601	1.324	4.925	12	4.913	253
<i>Canarias</i>	1.820	2.577	4.397	282	4.115	677
<i>Extremadura</i>	1.690	1.253	2.943	8	2.935	-188
<i>I. Balears (*)</i>	2.715	-138	2.576	117	2.459	44
<i>Madrid (*)</i>	18.268	-3.354	14.914	1.077	13.838	-130
<i>Castela e León</i>	5.113	1.433	6.546	16	6.530	-121
RÉXIME COMÚN	90.135	13.836	103.971	5.849	98.122	0

É obvio, e mesmo sorprende-nos a súa non utilización, que para alcanzar a situación paradisíaca á que aspiran, de *(falsa)igualdade plena*, nada mellor que *repartiren o total dos recursos en termos normativos (103.971 M€) en función da participación por cada CCAA na poboación axustada*, ou unidade de necesidade (de custo, segundo eles). De se manteren as mesmas variábeis e ponderacións que no sistema en vigor, resultan unhas diferenzas entre os recursos que dá o vixente SdF e este mesmo, alterado polo anterior. Diferenzas que se poden ver na última columna da táboa. Porén, tendo xa que *os recursos totais por poboación axustada (ou polo que lles pete) é a mesma* para todas as CCAA, o seu ideal, quedaría dar solución ás diferenzas que aparecen, que non gustarían nada as CCAA perdedoras, cara manteren os mesmos recursos. Mais iso resolveríase doadamente, *modificando o cálculo da poboación axustada*, a través da utilización das modernas técnicas econométricas para alcanzar, precisamente, tal resultado.

En xeral, e como pode verse no seu Cadro 3, falan de competencias en termos *homoxéneos*, é dicir, da penúltima columna da táboa anterior (Recursos Totais – Custo de Competencias Singulares), para vivir na permanente irrealidade, para o que realizan unha serie de operacións que desfiguran os valores das transferencias realmente recibidas polas diferentes CCAA, e que se traducen na columna que

denominan de “fondos verticais” (o de Suficiencia Global e os de “Converxencia”), ademais de que integran os recursos canarios **do seu réxime especial**, algo que nin figura na Lei do SdF nin nos cadros de liquidación do Mº de Facenda, por suposto.

De feito, na Táboa anterior pode comprobarse como, considerando o conxunto de transferencias (a do Fondo de Garantía dos SSPPFF, o FSG e os Fondos de “Converxencia”(o de Cooperación, para as CCAA “pobres”, e o de Competitividade, para as CCAA “ricas”, este último de moito maior dimensión co anterior, agravando, certamente, a diverxencia, de aí, a ficción e mistificación da súa denominación), só Madrid, especialmente, e as Illes Balears nunha pequena contía, teñen un valor negativo, o que quer dicir, que deben devolver ese diñeiro **ao Estado**. Para que vexamos a falacia da nivelación, parece que, en primeiro lugar, o diñeiro destes fondos negativos debería ir **cara as outras CCAA**, entre elas Catalunya, e, en segundo lugar, dáse o pequeno problema **irresolúbel** de que os valores negativos (3.492 M€) deben de se enfrontar a uns fondos positivos moi superiores, de 17.328 M€. Unha **viaxe ilusoria máis**, cara presentaren ao Estado español como unha necesidade esencial para a existencia das CCAA, e non ao revés, como realmente acontece, claro é.

k) De feito, isto é o que fan no SdF en vigor para presentármolos a **plena igualdade por habitante axustado, ou por unidade de necesidade (de custo)** para o caso dos Servizos Públicos Fundamentais (SSPPFF), que seica para eles, supón **unha igualdade real** destes servizos en toda a pel de touro (!!), a través da mecánica de crearen un fondo e decidir, *a priori*, repartilo en función da participación das CCAA na Poboación axustada, o que resulta a grande innovación e avance, espallada *urbi et orbi*, que apresenta o sistema en vigor, en relación cos anteriores, para estes adoradores das tautoloxías. Porén o Cadro da Páxina seguinte nos amosa a **enorme diferenza existente entre o que achega o SdF aos SSPPFF** (a participación no Fondo de Garantía) **e o gasto** (obrigas recoñecidas netas) **realizado neles polas diferentes CCAA**, ao longo da vixencia do SdF en vigor. Esta ficción é a que “xustifica” que o que no sistema anterior era unha soa transferencia (Fondo de Suficiencia), se divida agora en dúas (a de Garantía dos SSPPFF e o Fondo de Suficiencia Global), quedando evidente desta maneira, segundo eles, a consabida “nivelación”, reparando o defecto do sistema anterior. Xunto cos Fondos de Converxencia, isto significou, de facto, unha grande complicación e opacidade do sistema en curso, malia reiteraren, que este é un defecto que compre corrixir, de maneira que, pola contra, cada novo SdF, complicase cada vez máis, como podemos

comprobar polas propostas, que van ter escaso éxito, se algún, que realizan os “expertos con bandeira” no seu documento.

Porén, nada mellor que enfrontar as elucubracións ilusionistas coa realidade, para o que na Táboa a continuación mostra o que aconteceu, como exemplo, xeneralizábel a todos os anos de vixencia do SdF en vigor, nos anos 2009 (de entrada en vigor), 2012 e 2015 (último liquidado) entre a achega que fai o SdF aos Servizos Públicos Fundamentais e as Obrigas Recoñecidas Netas nas funcións ou políticas de gasto que forman parte dos mesmos, de acordo cos dados do Mº de Facenda (Liquidación Orzamentos das CCAA e Liquidación do SdF, nos anos referidos).

A insuficiencia mostrada polo SdF para atender estes importantes servizos é grandiosa en todas e cada unha das CCAA do réxime común, vindo influída certamente, pola existencia neste período da Grande Crise, que se traduciu nunha redución de recursos e nun aumento na demanda deste servizos, que se viron sometidos a continuas reducións.

O Gasto nos Servizos Públicos Fundamentais (SSPPFF)									
FONTE: Liquidación do SdF 2009+ e Liquidación Orzamentos das CCAA (Mº de Facenda e AAPP)									
SSPPFF = Función (ou Políticas: 21 Pensións, 23 SSSociais e Prot. Social, 31 Sanidade e 32 Ensino									
	2009			2012			2015		
CCAA	Part. no FG	ORN OOLL	Diferenza	Part. no FG	ORN OOLL	Diferenza	Part. no FG	ORN OOLL	Diferenza
<i>Catalunya</i>	10.299,25	20.829,37	-10.530,11	11.833,51	16.243,31	-4.409,81	13.672,33	18.032,43	-4.360,10
<i>Galiza</i>	4.137,18	7.114,52	-2.977,35	4.658,58	6.336,42	-1.677,85	5.390,66	6.514,01	-1.123,35
<i>Andalucía</i>	11.392,78	19.500,10	-8.107,32	13.029,83	19.149,58	-6.119,75	15.061,71	17.798,00	-2.736,29
<i>Asturias</i>	1.568,90	2.817,31	-1.248,42	1.764,49	2.868,81	-1.104,33	2.037,26	2.702,36	-665,10
<i>Cantabria</i>	819,84	1.557,38	-737,53	935,19	1.737,33	-802,14	1.086,09	1.515,75	-429,67
<i>A Ríoixa</i>	454,34	824,08	-369,74	518,59	786,76	-268,17	600,70	764,37	-163,67
<i>Murcia</i>	1.974,92	3.569,69	-1.594,78	2.272,63	4.099,58	-1.826,95	2.642,89	3.645,29	-1.002,40
<i>C. Valenciá</i>	6.970,98	11.461,73	-4.490,75	7.948,36	12.458,11	-4.509,76	8.887,64	12.002,14	-3.114,50
<i>Aragón</i>	1.973,19	3.612,57	-1.639,38	2.233,98	3.266,23	-1.032,25	2.582,89	3.445,77	-862,88
<i>Castela - A Mancha</i>	3.064,33	6.083,88	-3.019,55	3.494,56	4.717,38	-1.222,82	3.951,95	4.758,58	-806,64
<i>Canarias</i>	3.036,86	5.051,66	-2.014,80	3.462,36	4.382,49	-920,14	3.925,97	4.550,96	-624,99
<i>Extremadura</i>	1.629,20	3.114,59	-1.485,40	1.828,12	2.852,94	-1.024,82	2.113,02	2.969,88	-856,85
<i>Illes Balears</i>	1.526,07	2.333,41	-807,34	1.762,91	2.574,25	-811,34	2.015,13	2.511,47	-496,33
<i>Madrid</i>	8.381,63	14.131,57	-5.749,93	9.707,21	15.129,85	-5.422,64	11.467,23	13.320,50	-1.853,27
<i>Castela e León</i>	3.833,74	6.557,61	-2.723,87	4.298,52	6.995,97	-2.697,45	4.921,78	6.223,73	-1.301,95
TOTAL	61.063,20	108.559,45	-47.496,25	69.748,82	103.599,02	-33.850,21	80.357,24	100.755,24	-20.397,99

- 1) De maneira sintomática e ocultadora, no cadro 4 do documento, de financiación por habitante axustado, na ringleira final regalánnos unicamente a **media estatística**, agachando, por exemplo, a **varianza**, ou o **percorrido estatístico** (a diferenza entre os valores máximo e mínimo), que tanto no financiamento por habitante axustado, dos recursos **totais**, ou dos recursos **homoxéneos** (os que presentan na columna 1) **reflicten diferenzas superiores aos 40 puntos porcentuais**, cando todos estes “teóricos” presumían en 2009, ano de entrada en vigor do SdF actual, en que xunto coa igualdade por

habitante axustado no caso dos SSPPFF, era a redución notábel deste percorrido estatístico un dos grandes avances “igualadores” no SdF en vigor. Aconteceu, xustamente todo o contrario, as diferenzas en financiamento por poboación axustada medraron considerabelmente. Nótese, na columna terceira do cadro, como tomando 100 como **a media do réxime común**, o valor máximo é o de Cantabria con 127,0, mentres o menor é o de Canarias, con 85.9 (tal como figuran nos cadros de liquidación, pois aquí, a diferenza do Cadro 3, non integran entre os recursos que lle achega o SdF o seu réxime fiscal especial, como facían antes). Por outra parte, de **se considerar os recursos Totais que son os que realmente financian ás CCAA**, non só os Homoxéneos, veríamos que no caso de considerar a recadación en termos **normativos** (que non serve para nada, en termos de realidade), é dicir, **sen exercicio de competencias normativas alí onde existen**, Galiza, como exemplo, tería un índice 102,5 fronte ao 107,4 de Catalunya; e no caso de considerar a recadación **real**, como parécenos que se debería operar, para estaren na plena realidade, estes índices se situarían en 104,9 e 107,5, respectivamente. Por tanto, resulta evidente, que aínda sexa ao custo dunha maior complexidade dos cálculos, e de atentar contra da realidade, o que buscan estes “teóricos” e tentar de apresentar as comparacións de maneira que xustifiquen o benevolente e necesario que nos resulta o seu estado español. Mais a realidade non se pode evitaren: **quer dicir que Cantabria co 127,0 e Madrid, con un índice de 99,2 subministra uns servizos públicos fundamentais superiores, en cantidade e calidade, nesta dimensión, aos que subministra Madrid? (!!)**. E iso sen entrar nos efectos que producen as economías de escala, a poboación, algo distintas entre estas dúas CCAA, etc.. Só uns “teóricos” tolos que viven na inopia ou en *Babia* poden crer semellante ficción, resultante dos seus cálculos aloucados, da identificación da Poboación Axustada co custo real das competencias e demais.

- m) Nós preferimos sempre referírmonos á realidade, e así achegamos os dados, os recursos totais, en termos normativos, como os dá a Liquidación do SdF (Mº de Facenda), mais tamén en termos reais, **no que facemos fincapé**, xa que son os recursos que aproveitan realmente ás CCAA, xa que a primeira, por definición, **oculta as** competencias normativas sobre os tributos “cedidos”, ben escasas de que dispoñen as CCAA, así como a existencia dunhas competencias singulares, realmente existentes, das que é moi ilustrativa coñeceren as súas diferencias, poñéndonos de manifesto, o moito marxe existente no caso galego en relación **coa reivindicación de novas transferencias**. E, por suposto, o

cálculo dos recursos tributarios **soportados** polos galegos, a única maneira decente da súa necesaria aproximación, é traballando en termos reais.

Por iso, en xeral, refugamos de comparacións con outras CCAA, e centrámonos nas perdas económicas de Galiza, tanto en relación coa comparación cos orzamentos liquidados, nos conceptos individualizados do SdF que o permiten (caso dos SSPPFF no SdF en vigor), como en relación coas perdas que experimenta ano tras ano, por mor de que con cada novo SdF, **a participación galega nos Recursos Totais do sistema é cada vez menor**, especialmente pola súa **cativa participación nos recursos adicionais**, o que aproveita ao resto das CCAA. Tamén podemos comprobar a inadecuación das variábeis e ponderacións da Poboación Axustada **para o noso caso**, tanto na situación **de partida**, como polo **defecto estrutural da súa composición**, de maneira que a participación galega na mesma vén descendendo de maneira moi importante desde o ano 1999⁶ (ano base do SdF que igualou as competencias principais de todas as CCAA, ao transferirse a Sanidade as CCAA que antes formaban parte do “territorio INSALUD”), o que vén a significar, na medida que a identifican cos custos reais das competencias transferidas, nunha nova forma de evadiren a realidade, que os custos de subministración da competencias galegas “**se abaratan**” ao longo do tempo para beneficio do resto das CCAA e prexuízo noso. Este Cadro reflicte en **termos reais** os recursos no ano 2015:

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	Recur. Tribut.	Transf. Totais	RECUR. TOTAIS	Comp. Singul.	RECUR. HOMOX.
Catalunya	18.933	652	19.585	2.530	17.055
GALIZA	5.249	2.145	7.393	326	7.068
Andalucía	14.215	5.310	19.525	877	18.648
Asturias	2.277	521	2.798	81	2.716
Cantabria	1.252	539	1.791	139	1.652
A Rioxa	669	289	958	76	882
Murcia	2.585	632	3.217	20	3.197
C. Valenciá	9.809	861	10.669	344	10.325
Aragón	3.020	479	3.499	91	3.408
Castela – A Mancha	3.528	1.437	4.965	12	4.952
Canarias	1.664	2.988	4.652	291	4.360

⁶ Nos termos en que está establecida a Poboación Axustada (ou Unidade de Necesidade) no SdF en vigor, a participación galega **sufriu un devalo desde o 7,6% no ano 1999, até o 6,7% no ano 2015**, último exercicio liquidado, perda que se traduce en moitos millóns de euros, que se dirixen a financiar ás outras CCAA que ganan participación. **E as perdas cuantiosas se exemplifican moi ben, comparando os recursos reais de cada ano cos que recibiría de manter a porcentaxe do 7,6%.**

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	Recur. Tribut.	Transf. Totais	RECUR. TOTAIS	Comp. Singul.	RECUR. HOMOX.
Extremadura	1.727	1.324	3.051	8	3.042
Illes Balears	3.080	-226	2.854	121	2.733
Madrid	18.062	-4.000	14.062	1.114	12949
Castela - León	5.080	1530	6.610	17	6.593
RÉXIME COMÚN	91.148	14.481	105.929	6.047	99.582

3 Outras cuestións sobre o SdF actual

- Aínda que non parecen ter moitas dificultades en recoñecer, en termos xenéricos, as pexas do vixente sistema, resulta curioso que a maioría das súas propostas vaian na dirección, de mantendo a esencia do mesmo, afondalas e darlle un contido máis regresivo e reaccionario, atacando implicitamente, cando non explicitamente, a **limitada descentralización existente, premendo por unha maior centralización**, como teremos ocasión de comprobar.
- A teima na insistencia no financiamento por habitante axustado **a igual esforzo fiscal** --na que o pioneiro é o seu xefe ideolóxico, hoxe representando, non por casualidade, ao estado, é dicir, portando a bandeira españolista (aínda que isto mesmo o fan todos os demais, “maioritarios” ou “minoritarios”, agás quizais o caso do representante das Illas Balears, que intenta unha formulación **con base no federalismo fiscal**, radicalmente rexeitada polos promotores do documento--, non é máis que charlatanería van, a nosos efectos, pois o sistema fiscal español **é único**, e a marxe das competencias normativas, **cuxa titularidade continúa en poder do estado**, é moi cativa (nula nos casos do IVA e IIEE, por exemplo) en termos cuantitativos.
- Deste xeito, **para as nacións do estado, realmente existentes, habería que arbitraren, ao igual que en Euskadi Sur, un modelo de concerto, superando a insuficiente e cativa “co-responsabilidade” fiscal tan gabada**, e único concepto que son capaces de imaxinar, para manter a situación tal como está, sen cambios cualitativos --á que acontece nos estados autenticamente, politicamente, descentralizados--, caracterizados pola existencia dunha **responsabilización fiscal plena**.
- Mesmo chegan admitiren que o **“principio de responsabilidade fiscal** *exixe que cada nivel de goberno apareza diante dos seus cidadáns como*

responsábel non só das súas decisións de gasto, senón, asemade, das cargas tributarias”. Pois ben, se isto **é algo mais** que unha simples declaración rutineira ás que son tan afeccionados, que non cremos, dado o nivel de condicionamento de gastos e de ingresos, é dicir, **dada a falta real de autonomía política**, é obvio que o tal **principio de responsabilidade fiscal** así definido debería conducirlos a propoñer un estado **plurinacional auténtico**, na que as nacións sen estado, historicamente integradas á forza neste Estado, fosen elas consideradas como estados, e desta maneira **tería sentido a responsabilidade íntegra, en todos os aspectos, dos gobernos respectivos fronte aos seus cidadáns**.

- A continuación, pasan a mostrármonos **a ideoloxía ultra-liberal** dos propoñentes, e así con base no sacrosanto **principio de estabilidade orzamentaria**, xustificaren limitacións nos niveis de déficit e endebedamento (desequilibrados a prol do goberno central)⁷, e, naturalmente, **afondar na coordinación** fiscal, todo o que se tratar de limitacións esenciais que converten os xa cativos Estatutos **en documentos inservíbeis absolutamente**, posto que inutilizan, de facto, **o establecemento dunha política orzamentaria propia polos gobernos autonómicos**, o que lles impide poder afrontar as políticas necesarias en interese dos seus cidadáns. Mais pretendendo repousar a responsabilidade diso sobre uns gobernos nos que a política orzamentaria, que lle vén obrigada desde as instancias centrais, a través das consabidas regras de gasto, de niveis de déficit e endebedamento **iguais**, sen tomar en conta as diferencias no ciclo económico e demais diferencias económicas e sociais entre as CCAA, o que resulta contrario co mais elemental sentido común. De facto, **estas propostas anulan toda responsabilidade real**, sendo a manifestación máis obvia, nestes tempos escuros, **da ideoloxía reaccionaria, centralista e antisocial**, que fai gravitar os maiores ataques contra das CCAA e a SS, así como contra das maiorías sociais, agrandando as desigualdades en beneficio da Administración Central e das elites económicas, en grande parte, parasitarias, que defenden, obviamente, este estado “natural” da situación nos planos nacional e social.
- Por si anterior non abundara, nada menos botan mao do chamado **risco moral** (moral hazard)⁸ para **negar a existencia de autonomía para o**

⁷ Coma **se non abundara co prescrito pola L.O. 2/2012** de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, nacida coa xustificación de modificación do Aº 135 da sacra CE.

⁸ O risco moral consiste no risco de que a existencia dun contrato poda mudar a forma na que as partes actuarán **no futuro**. Por exemplo, unha empresa asegurada contra incendios se

endebedamento das CCAA, presentando a estas **como unhas institucións irresponsábeis**, e incapaces de considerar o endebedamento como un ingreso normal, que debe utilizarse coa eficacia esixíbel, ao igual que os outros tipos de ingresos, mentres que, por suposto, o goberno central non padece de semellante mal, ou influencia do risco moral, cando, nada menos, **que non ten límite ningún para endebedarse**. Ben, de feito teno no 60% do seu PIB (o conxunto de AAPP) pola súa pertenza á UE. Máis cantos estados, entre eles os máis importantes, compren con tal criterio, comportándose como alcólicos irredentos, e demostrándonos o moito que valen as normas desa UE, como as da mesma CE. Cantos anos fai que a Administración Central (non falo do conxunto das AAPP: AC, CCAA, CCLL e SS) supera ese 60% de endebedamento, e que de acordo cos últimos orzamentos continuará a superar no ano 2020? Acaso a citada L.O. 2/2012, non establece que no ano 2020 o endebedamento das AAPP debería situarse nesa soleira do 60% (44% a AC, 13% as CCAA e 3% as CCLL), correspondendo, entón, nada menos co 73% a AC, que, en troques, realiza un cativo gasto, tan grande é o estado de descentralización que padecemos, de lle facer caso a fantasía dos relatores deste documento? Haberá que establecer legalmente **que sexan as CCAA as que autoricen o endebedamento da Administración central**, fronte semellante borracheira de endebedamento para financiar plans de armamento, e outras cousas inconfesábeis, no seu papel de lacaios dos poderes dominantes mundiais⁹.

Por suposto Galiza, compre de maneira escrupulosa o artigo 14b) da LOFCA, en relación ao endebedamento das CCAA, ademais de que esta L.O., no seu artigo 13bis remite ao **principio de prudencia financeira**, ao que están suxeitas **todas as operacións financeiras** das CCAA, cando as que habería que someter a tal principio son as afrontadas pola Administración central, para que exista algún principio de igualdade “vertical”, alleo, por natureza, a este Estado **fundamentado nunha soberanía única** e a ausencia total de soberanía a exercer polas unidades descentralizadas (administrativamente, non politicamente). Habería que se

supón que pode tomar menos precaucións fronte a que se produza tal evento. No caso da banca, é o risco **de que agarde seren rescatada** das súas formas de desbarate e comportamento empresarial irresponsábel, senón delituoso, **posto que xa tiña sido rescatada anteriormente**.

⁹ Son ben consciente que, fronte a estes relatores españolistas, estou incorrendo en pecado mortal. Mais un máis, pouco dano pode me facer.

preguntar, por exemplo, para que serve, hoxe en día, o contido do artigo 47 do Estatuto galego, que regula a cuestión do endebedamento, ou o artigo 4º da LOFCA ao se referiren aos **recursos** das CCAA, en especial, o seu apartado g) sobre o produto das operacións de crédito, entre eles.

Así pois as recomendas dos propoñentes inciden, unha e outra vez, **en reducir a cativa autonomía das CCAA e en máis re-centralización**¹⁰, agochados sob unha verborrea de “igualdade”, “nivelación”, “co-responsabilidade”, “descentralización”, e demais ilusións, que na práctica, negan contundentemente, coa pretensión de nos mostrar o estado como un anxo salvador, tan puro el, que ten logo que vir a amañar as supostas desfeitas “naturais” das perversas CCAA.

- Certamente admiten a evidencia das **diferencias** de renda existentes, o que non lle impide presumiren de igualdade por habitante axustado no caso dos SSPPFF, un disparate maiúsculo, baseado nunha tautoloxía, posto que resulta evidente que **do mesmo xeito que existen diferencias de renda** (malia o que prescribe a sacra CE sobre a “igualdade territorial”), tamén **o existen na prestación dos servizos públicos, fundamentais e non fundamentais, nos investimentos do estado**, e demais. **A desigualdade é unha característica intrínseca á propia configuración institucional deste estado**, coa existencia dunha soberanía **única** e a posición subordinada e dependente das unidades descentralizadas **administrativamente**. Configuración que nega de maneira teimuda e recorrente a realidade: a **existencia dunhas nacións que reclaman, lexitimamente, os dereitos plenos e a soberanía que lles corresponde como tal**, que en iso consiste o principal e histórico problema desde estado centralista e opresor.
- A reiteración da súa posición reaccionaria, en todas as fronteas, e centralista produce náuseas, certamente. Haberá que lles insistir en que **as nacións reivindican o summum da co-responsabilidade**, é dicir, a **responsabilidade plena fiscal**, tanto do lado do gasto como do ingreso, dotándose dunha verdadeira facenda propia. Por iso a súa teima na co-responsabilidade, que **deterioran cada vez máis**, non é senón unha forma máis de manter o estado de cousas presente, de non mudar nada esencial,

¹⁰ Por se non abondar co que reflicte o artigo 3º da LOFCA, que crea o Consello de Política Fiscal e Financeira das CCAA (CPFF), **cara a coordinación** da actividade financeira destas e da Facenda do Estado, e **as competencias** que se lle asignan.

de negar a realidade e impediren calquera intento de relación establecida en pé de igualdade entre esas nacións e o estado.

Naturalmente que a marxe fiscal descansa hoxe, necesariamente, mais en pouca medida, na imposición directa, pois na indirecta (IVA e IIEE) a capacidade normativa é nula, sendo aquí, precisamente ***onde eles ven a solución nas súas propostas.***

En primeiro lugar, os impostos directos son (ou poden ser, dado o forte retroceso experimentado nos últimos tempos en beneficio das rendas do capital, das rendas empresariais, das plusvalías e outro tipo de rendas non salariais) os máis progresivos (IRPF, IS, que nin sequera atrévense a mencionar, malia que o caso do ***sistema de concerto***, nos demostra que a terra segue a dar voltas igualmente, o I. sobre o Patrimonio, ou o Imposto sobre Sucesións e Doacións), sendo nestes –non, desde logo no IS, que nin sequera forma parte dos que integran o SdF no caso do sistema de réxime común--, ***onde existen unhas limitadas competencias normativas que, precisamente os propoñentes pretenden limitar***, máis gravemente no caso do IRPF, para ***formular un disparatado baseamento na imposición indirecta, de carácter regresivo***, a través dunha ***obrigada actuación colexiada*** sobre o IVE (pois de non ser obrigada a tal “colexiación”, na que tamén formarían parte as comunidades forais, nada menos, sería máis difícil de alcanzar que pegaren un brinco de cinco metros). Nun primeiro momento, de cara ***a súa suba, centrada no tramo autonómico***, para que aparezan as CCAA como as culpábeis fronte aos cidadáns do estado, escapulíndose o benfeitor estado español, a diferenza do que agora ben acontecendo. É obvio que tal actuación “colexiada” implica, en esencia, unha ***anulación de toda responsabilidade individual*** por parte das CCAA, ademais dunha ***formulación impositiva reaccionaria e regresiva***. Obviamente o tipo ten de ser igual en todas elas (como si pasara algo por seren diferentes, como o son, os tipos en todos e cada un dos estados integrantes da UE, malia a propaganda incesante dunha suposta harmonización, ficción semellante ás que utilizan para consagraren o estado español). E por suposto, toda a capacidade legal sobre estes impostos, descansa única e exclusivamente no goberno central, como xa o é. ***A centralización se afonda, non se pode limitar baixo escusa ningunha.***

- Como é sabido, a crise económica se traduciu nunha considerábel diminución dos ingresos tributarios que afectou de maneira moi grave ás CCAA, e á prestación dos servizos públicos. Á vista desta situación tan

grave e mesmo insoportábel para algunhas CCAA de réxime común, o estado arbitrou unha serie de **medidas de financiamento adicional**, en especial o denominado fondo de liquidez autonómico (FLA), consistente en préstamos brandos por parte do estado, que haberá de devolver.

Esta circunstancia derivada da brutalidade da crise, causada en primeiro lugar pola **actuación irresponsábel dos poderes financeiros**, lles serve aos propoñentes para cargar de novo co manido **risco moral**, como se a situación derivara, nunha situación de normalidade, do desbarate autonómico. Tal é a concepción negativa, por ser moderado, que teñen da “descentralización”. Risco moral **que habería que lles aplicaren a eles**, para, logo de tantas xuntanzas, sen dúbida ben remuneradas, dean froitos tan inútiles como pestilentes, polo que debería negarse calquera pretensión de repetición anual ou semellante, de reiteración deste contubernio españolista, que non sería de estrañar que o fixeran, como acontece coas famosas, penosas e anti-científicas “Contas Públicas *Territorializadas*”, que dirixe o seu xefe ideolóxico, aquí, por iso, en representación do estado español, e de porta-estandarte da bandeira españolista.

Habería que lles contar que Galiza non entrou a se beneficiar até o ano 2015 co novo FLA (sustentabilidade financeira e outras). Mesmo considerando todos os instrumentos de financiamento adicional, no período 2012-2015, Galiza só participou no 1,7% (e no 0,8% no aforro que se deriva do uso destes instrumentos en relación coas condicións de mercado), e no 1,9% de estiraren o período até o ano 2016, co que o fachendoso presidente da Xunta deu un novo exemplo de desprezo de defensa dos intereses galegos, **sometendo aos servizos públicos galegos, especialmente os esenciais, a un devalo considerábel**.

- O cinismo e carácter reaccionario dos propoñentes ten quizais o seu cume na idea de “**estenderen a capacidade normativa aos mecanismos de copago**, así como dar as CCAA un **maior** peso (por que non todo o peso?) na fixación de certos estándares **mínimos** de servizo en materias da súa competencia, que **teñen un efecto importante sobre o seu gasto** e que, actualmente, **o Estado pode fixar de xeito practicamente unilateral** (e son **competencias** das CCAA?). As perversións destes elementos son continuadas, non teñen límite.
- Cando se refiren a regulación dos tributos cedidos xa debería quedármonos suficientemente clara a ideoloxía centralista e disparatada dos propoñentes.

Após de criticaren a falta de atención *por parte do estado* (canta descentralización, deus!) na *actualización* dos tributos cedidos, sitúan a solución na “*harmonización das bases impositivas e liquidables* de todos os tributos cedidos (“comunismo” a toda marcha!, *poor autonomía*), *restringindo* a capacidade normativa das CCAA ás escalas de gravame e a posibles deducións ou bonificacións da cota, así como a introduciren *topes máximos e mínimos* de gravame efectivo en certos impostos patrimoniais”, regresión de consideración nas competencias normativas, á contra do que considera axeitado unha perspectiva de mínimo federalismo fiscal, é dicir, que tais competencias normativas deberían descansar plenamente nas CCAA sen restricións de ningún tipo, e non só conceder unhas competencias normativas minoradas en relacións ás existentes, cuxa *titularidade*, por suposto, *pertence ao Estado*. Desta maneira as CCAA terían a oportunidade de facer algo parecido a unha mínima política fiscal propia, sen a cal é inútil e falsa toda fachenda de autonomía política.

Pola contra, cara impediren isto, en consonancia coa súa ideoloxía centralista e españolista se limita máis esa capacidade normativa, e mesmo propónse a creación dunha *comisión permanente CCAA-Estado* que lamina de facto calquera pretensión de actuación en función das súas necesidades e opcións individuais. Ou, liberdade dos cidadáns!. Ou, liberdade das patrias!.

Mais non se deteñen nisto. Mesmo lles *estorban os impostos propios* das CCAA, que significando unha *porcentaxe mínima* dos seus ingresos orzamentarios, en grande parte polas limitacións que prescribe a propia LOFCA [artigo 2a), artigo 6 Dos e Tres, e artigo 9a),b) e c)], dan mostra da inexistencia por parte das CCAA dun “*poder exclusivo*” real, acorde cunha situación de federalismo fiscal, cunha descentralización efectiva, e non como espantallo. Estorbo que “xustifican” porque seica resulta moi dificultosa “*a súa sistematización*” [Para eles tan “sabios”, como se o común dos mortais fora capaz de se enfrontar á lectura do texto lexislativo do imposto máis sinxelo existente!]. Penoso, mais coherente desde o seu punto de vista ideolóxico, que non “técnico”, e menos “científico”. O Estado máis descentralizado do mundo, puaf!.

- Por suposto, falan de *equilibrio vertical* (non horizontal) ao se referiren á “*distribución dos recursos públicos e dos instrumentos* para a súa obtención *entre as AAPP*”, deixando clara a existencia dunha soberanía *única*, unha especie de *deus ex machina*, de maneira que as outras

administracións non dispoñen de poder soberano ningún, nin de facto nin de *iure*. ***É esta concepción, de fondo, a que determina a realidade, tal como é, dos SdF, e de moitas cousas máis nas relacións entre as CCAA e o estado.***

- Cando se refiren as diferentes concepcións da suficiencia, nunca, endexamais, a entenden en referencia aos ***custos reais*** de subministro das competencias transferidas, que, nisto, tan sinxelo, consiste, na realidade, un sistema de financiamento. Non tendo en conta isto, estes “técnicos”, “científicos”, teñen que derivar esta cuestión e principio central dos SdF (xunto co ***de autonomía***) a consolarse con que na medida “en que a ***distribución de recursos*** entre administracións ***a determina un acordo político*** entre as institucións implicadas,”, sen darse conta: primeiro, que se supón que eles deberían ser capaces de determinar o volume de recursos necesarios dunha maneira obxectiva e científica, e segundo, que a mesma distribución deses recursos deberían de ser capaces de a establecer do mesmo xeito anterior. Caso contrario, todos os gastos realizados en reunións, na elaboración dun longo e anódino documento, na xuntanza de tantos “sabios” xuntos que debería ter producido unha auténtica explosión sinérxica positiva, para concluíren no anterior, é un desbarate de consideración e un acto de corrupción cometido polo Estado, as CCAA do réxime común (agás Catalunya) e todos os que se prestaron a elo, cara mellorar a seu propio benestar, mais non para resolver os problemas que se supón sería o obxectivo do mandato recibido. ***Perda de tempo que se puido ter aproveitado para ter chegado xa a un acordo sobre o novo SdF, cuxa revisión debería se ter realizada no ano 2014, de acordo co contido da Lei 22/2009, do SdF en vigor.***
- Cando se refiren a evolución dos recursos dos SdF no tempo, desde o ano 2007 (pre-crise), lévalles, entre outras cousas, a concluíren que “os resultados do modelo aprobado en 2009 –en vigor–, indican que a ***suficiencia pode ser cuestionada*** cando se considera se a dispoñibilidade dos recursos ***acordados*** [non, non, calculados: a evasión das responsabilidades non serve para nada, como non sexa para agachar a covardía implícita e a inutilidade da ciencia real para a resolución de problemas tan vellos como a dos SdF de réxime común (que non é o único modelo existente)] para o financiamento dos SSPPFF ***se ten cumprido***”. Seica non se lembran das virtudes máxicas que pregoaban dos recursos do SdF para os SSPPFF: nada menos que se producía, maxicamente, a

igualdade por habitante axustado, conseguíndose por fin a pedra filosofal, grazas a elaboración dunha identidade contábel *ad hoc*, que *se poñía ao mesmo nivel cunha lei natural*, para o cálculo dos recursos “suficientes”, e logo decidir, *a priori*, de maneira tautolóxica, repartilo en función da proporción da cada CCAA na Poboación axustada, non si?. Moi atrás, neste documento, apresentamos os datos reais entre os recursos que achegou o Sdf para os SSPPFF e o que as CCAA, de acordo cos seus orzamentos liquidados gastaron nestes servizos que, seguramente, sería máis útil para sacar conclusións que toda a morea de verborrea literaria (pseudo)económica, que pretende zafarse do problema central de cal é o custo real das competencias transferidas para calquera comunidade autónoma, e para todas elas, claro é.

E, finalmente, todo para concluíren que como “*resultado dos distintos axustes realizados por cada administración, as CCAA –incluídas as forais, se ben a perda de peso concentrouse nas do réxime común—perderon peso entre 2009 e 2016 no gasto público total (-3,7 puntos porcentuais), no gasto primario (neto de xuros) (-3,1 pp) e, sobre todo, no gasto das AAPP nos SSPPFF (-4,6 pp)*”. E quen a gañou?

Isto ponos de relevo, aínda que non acontecera exclusivamente por isto, **a relevancia do sistema de concerto**, de contar cunha soberanía tributaria (case)plena, coa xestión plena, propia, de todos os impostos do sistema fiscal español, para **ser capaces de desenvolver as potencialidades do noso país en todas as fronte**s e subministrar uns servizos públicos suficientes e de calidade, acrecentando o benestar das galegas e galegos, e posibilitar a superación da nosa situación subordinada e dependente dun estado opresor, **cuxas actuacións están orientadas a profundar e eternizar esta situación**.

4 A estrutura do “novo” Sistema de Financiamento

Resumidamente, consiste no seguinte, sempre medindo os recursos tributarios “cedidos” en termos **normativos** (ou o que é o mesmo, **sen exercicio das competencias normativas**, no caso de aqueles impostos que dispuñan delas) e que vén sendo, malia a aparencia, substancialmente o mesmo que está en vigor.

$$(1) \text{RRTT} = \text{FBF} + \text{FNV} + \text{FCT}, \text{ con}$$

RRTT = Recursos Totais

FBF = Fondo Básico de Financiamiento

FNV = Fondo de Nivelación Vertical (Estado) {FSG + FFCC + Achega ao FG}?

FCF = Fondo Complementario de Financiamiento das Competencias Singulares

onde:

$$(2) \text{ FBF} = \text{IVE} + \text{IIEE} + \text{CAFB}, \text{ con}$$

CAFB = Coeficiente de Achega ao Fondo Básico = Resultado de ***aplicaren unha porcentaxe –descoñecida--*** aos tributos “cedidos” –excluídos o IVE e os IIEE--, nos que se inclúen os impostos ***novos xa existentes*** (como o que recae sobre os Depósitos en Institucións de crédito ou o renacido Imposto sobre o Patrimonio --no caso de non o eliminar--, como lles gustaría aos proponentes), dentro do seu ***ataque a todo imposto directo, progresivo, por mor da súa reaccionaria concepción tributaria.***

Isto, ***non difire basicamente do modelo actual, por mais que se utilicen novos nomes, a maneira e estilo daqueles “nominalistas” que coidaban que mudando o nome das cousas, mudaban as propias cousas.*** De feito, no sistema actual, para obter o Fondo de Garantía dos SSPPFF, que resultaba da suma do 75% da totalidade dos impostos “cedidos” xunto cunha achega estatal (basicamente os recursos adicionais, “achegados” polo Estado, e actualizados polo ITE(2007,N), onde N representa o ano da liquidación do sistema de financiamento), repartíase logo pola poboación axustada, do que resultaba, ***necesariamente, “a igualdade por unidade de poboación axustada*** (ou por habitante axustado) ou por unidade de necesidade” o que se consideraba como un dos fenómenos “estrela” dese SdF, demostrándonos que inventaren “igualdades” é a cousa máis doada do mundo. Non entendemos moi ben por que unha “igualdade” semellante non se aplica ao conxunto de recursos, como xa indicamos anteriormente.

Aquí, sintomaticamente, ***non existe concreción ningunha***, pois xa coñecemos que a súa tarefa, como “científicos” que ***negan a posibilidade de coñeceren a realidade***, supón un desbarate evidente de tanta sabedoría e sapiencia xunta.

Mais todo isto se resume, como no sistema actual, e fixemos antes, no por que eles mesmos entenden como unha ***necesidade absoluta*** que a ***estrutura*** de calquera sistema de financiamento ***para rexións***, requira a formulación ***RRTT = Recursos tributarios + Transferencia/s***, cara abriren a billa “de xustificación” da necesidade do estado para facer entón posíbel a existencia das CCAA, grazas as

(inexistentes)“nivelacións” e demais, que aquí, para que cole mellor, se recollen separadamente como indica a identidade anterior.

Así, formulan que a finalidade do FNV (o Fondo de “nivelación” *vertical*) é “reduciren a **desigualdade existente en financiamento por habitante axustado a COMPETENCIAS HOMOXÉNEAS** (é dicir, tal como fan sempre, fóra da realidade, ao excluíren as competencias *singulares* (o FCF) : ou sexa:

(3) CCHH = FBF + FNV, onde CCHH = Competencias homoxéneas.

“igualdade” que poden lograr doadamente, tal como foi indicado anteriormente, tanto para as competencias homoxéneas, como, máis importante, para as competencias totais¹¹. Mais deben crer, atinadamente, que tanta “igualdade” se *faría sospeitosa e incríbel*. Por certo, recordemos, que a redución da tal desigualdade mencionada *era un obxectivo do vixente SdF*, e o que realmente aconteceu é que se produciu máis desigualdade, como se a realidade tivera algo especial contra estes “teóricos” de ficcións. E é que confundir identidades contábeis *ad hoc* con leis naturais, como a lei da gravidade, é bastante peor que a (falsa) demostración matemática de que un número enteiro é igual a calquera outro, tal como nos ensinaron de cativos na escola, o que daría lugar a un auténtico paraíso de iguais ficticias e falsas. No SdF actual, malia o trebello “inventado” para acadar a igualdade por habitante axustado no caso dos SSPPFF, xa *vimos o que isto tiña a ver coa realidade, cando se enfrontaba co gasto realizado neles segundo os orzamentos liquidados*. Pois seguen na mesma cantilena, o que non resulta novidade ningunha, pois así aconteceu sempre desde que existen SdF de réxime común no estado español. Mudan os “teóricos” mais as concepcións permanecen inmutábeis eternamente, en coherencia coa súa ideoloxía española, que é a que determina a formulación dos seus SdF e non ningunha caste de teoría e menos de ciencia.

Asemade propoñen que o VALOR do *sumando CAFB* –que depende da porcentaxe que se “elixa” ou “acorde”-- *“se negocie polas administracións implicadas”*, evadíndose os sabios, mais unha vez, do seu papel, que debe ser ben

¹¹ No ano 2015 se consideran competencias *non homoxéneas ou singulares* as seguintes: Confederacións Hidrográficas, Formación Profesional Continua, Hospitaís provinciais, Infraestruturas do REF, Institucións de penitenciaría, Instituto Social da Mariña, Medios materiais e persoais ao servizo da Xustiza, Normalización Lingüística, Obras Hidráulicas, Parques “nacionais”, Financiamento das CCAA Uni-provinciais das súas competencias como Deputacións provinciais a través do SdF, Policía autonómica, Profesores de relixión, Tráfico, Transporte inter-insular, Autorizacións iniciais traballo e Función Inspectora de Traballo e Seguranza Social.

raro, na medida en que son os únicos “técnicos”, “imparciais”, “obxectivos” e demais cualificativos que se apoñen a si mesmos para maior asombro de todos os humanos “normais”. *Un novo “sorteo” mais entre “políticos”, que parece ser o baseamento da súa ciencia falseada* (da súa ideoloxía), que é así como se determina, “obxectivamente”, o SdF que eles mesmos propoñen.

E, con toda a naturalidade que os caracteriza, desexarían que, *no ano base* do novo sistema (que *nin sequera isto son capaces de concretaren*), acontecese que

FBF + FNV “*permítese, ao menos, a nivelación total (sic) do gasto nos SSPPFF QUE SE ACORDE*”, o que nos sitúa, de facto, no esencial, no SdF actual, ademais de que se a “nivelación” é total, non sabemos ben o que hai de acordar ao respecto. Iso si, sen que esta “*restrición de mínimos ao grao de nivelación do sistema, condicione, en modo ningún, á composición do gasto de cada comunidade autónoma*”, En fin, toda unha “cantinflada”, dito sexa con todo o respecto para o xenial artista.

Xa non debería ser necesario indicar que FNV “*será tamén obxecto de negociación...*”, de maneira que, no ano base, a achega do estado ao SdF “*se repartiría entre o FBF e o FNV da maneira que se acorde coas CCAA*”, e, polo mesmo, os *recursos totais*, de maneira que *estamos diante dun sistema completamente indeterminado no cuantitativo*, que podemos apostar que supón a *principal preocupación* das CCAA afectadas, que terán que entrar en liza sobre isto de contado.

En liña co seu carácter reaccionario e regresivo, de carga sistemática contra das maiorías sociais, a parte a integrar no FBF “*podería tomar a forma DUN INCREMENTO NO VALOR INICIAL DO TRAMO AUTONÓMICO DO IVE E DOS IIEE*”

Só lles falta reivindicar a eliminación dos impostos directos, pois todo fano descansar en acrecentar de maneira considerábel e fundamental o IVE e os IIEE, os *impostos máis regresivos do sistema fiscal*.

Aínda manifestándose reiteradamente partidarios da eliminación da cláusula de *statu quo*, [que ningunha CCAA reciba menos recursos do novo sistema que co anterior], eles que non dan nin fan absolutamente nada de balde, vense na obriga de recomendaren, diante das “insuperábeis situacións que provocaría a súa eliminación” que

“**no ano base** do novo modelo ningunha comunidade perda recursos en termos absolutos, respecto do modelo anterior”, de maneira que **algunhas podan melloralos**, agravando quizais **as diferenzas** no **punto de saída** de formulación do modelo. Por suposto a **desigualdade realmente existente entre as CCAA** na subministración dos servizos públicos transferidos, no momento de “saída” (no **ano base**), impórtalles ren.

Posto que pensan –erroneamente– que non se pode dar que o custo das competencias por habitante axustado, ou polo que eles decidan, **sexa desigual**, leva a estes adoradores de tautoloxías, por unha morea de razóns, a que, a igualdade de gasto eficiente nos servizos, ten de ser, necesariamente, como unha lei natural, igual en todas as CCAA (aínda que na realidade sexa, por suposto desigual, mais aquí estamos tratando con un modelo “inventado” *ad hoc*), unha característica intrínseca única do seu fantástico estado español. Por iso formulan que as **diferenzas de financiamento** “derivadas do *statu quo*” se “absorban” de maneira progresiva ao longo do período de vixencia do novo SdF, formulación, de novo, etérea que pode servir para todo, mais que se “soluciona” coa consabida “**negociación política no seo do CPFF**”, ou unha proposta concreta, como a que realiza o seu xefe ideolóxico na súa alegación contra eles.

No ano base, á vista da indeterminación anterior, nada menos que o **volume total de recursos do novo modelo se** “negociará entre as administracións implicadas”, demostrándonos o papel inútil, tóxico e perigoso dos “propoñentes”.

Estamos diante pois, **dun artefacto** que no caso do estado unitario e centralista español xorde **cando se decide unha máis que tibia descentralización**, cada vez máis depauperada, sen recoñecemento de facto nin legal de soberanía ningunha ás unidades descentralizadas, que descansa unicamente na “nación única”, confundindo estado con nación, e negando a existencia das nacións auténticas dentro deste estado, polo que a tal descentralización non pode servir nin sequera para restrinxiren, o máis mínimo, **a relación xerárquica estado-CCAA**, xa non digamos unha relación de igualdade entre as nacións realmente existentes e ese estado.

Non repetiremos aquí cal é o significado real dun SdF. Resulta irracional, idealista, basearse no misterio e na imposibilidade de coñecemento do custo real das competencias transferidas, dunha maneira obxectiva, dado o avance da Contabilidade Analítica (ou contabilidade interna, de custos, de xestión, etc.) e doutras disciplinas do coñecemento.

Se a canastra de impostos contiver, no caso das nacións, *todos os impostos do sistema fiscal español, con competencias normativas e de xestión plenas*, estaríamos entón nunha situación de *auténtica responsabilidade fiscal*, facéndose o sistema de financiamento *plenamente transparente e sinxelo*, mais por suposto, iso non lles entra nos miolos a estes propoñentes, como queda claro da súa formulación absurda, e sen o menor razoamento probador, como o demostra a existencia dos sistemas concerto e convenio, fóra dos tópicos e descualificacións de rigor, de carácter ideolóxico, como podemos comprobar no capítulo 3, epígrafe 9.2 “Proposta de Administración tributaria *integrada*”, no parágrafo 53, á que xa fixemos referencia ao comezo, no resumo sintético sobre as pretensións dos propoñentes.

É esta posición ideolóxica, centralista e reaccionaria o que leva a que os SdF non cumpran o obxectivo que deberían cumprir, así como conduce a unha complicación en ascenso dos mesmos, cada vez máis disparatada, como reflicte con precisión este documento inservíbel a efectos prácticos para tomar en conta a realidade e enfrontarse a ela de maneira racional. De aí o recurso continuado a desprazar cara *unha negociación de resultados en grande parte indeterminados, á que tanto teñen atacado e vituperado previamente*, a través da que se concretarían os elementos definidores do modelo, que predeterminarían os resultados do mesmo.

Finalmente, observar que *de se considerar a necesidade de recursos adicionais*, no seu caso, se nutrirían, no *ano base* do sistema, de:

- *Unha achega das Comunidades Forais*, se “así se acordar” (por quen?) á “nivelación inter-rexional”, ou sexa un *continuo e persistente ataque ao sistema de concerto*, que se manifesta ao longo de todo o documento, o que non deixa de sorprender nun traballo *que se debería dedicar a revisar o SdF actual, de réxime común*. Mesmo nos seus cadros referidos as alternativas de financiamento, das fontes de ingresos no exercicio 2015 para este sistema, Anexo do capítulo 2), se pode comprobar no seu apartado B) de transferencias “verticais “ (FNV), como aquí si, cuantifican “a Achega das Forais” en 2.600 M€, e que precisamente nas alternativas 2ª (que situaría a porcentaxe de cesión do IVA e dos IIEE no 70%, e os recursos adicionais –obrigados—do IVA “colexiado”, como consecuencia da suba do tramo autonómico, tamén, isto si, estritamente calculado en 2.060 M€) e 3ª (IVA e IIEE “cedidos” ao 66%, IRPF ao 55%, e os recursos adicionais do IVA “colexiado = obrigado” --agora equivalente a 1.655 M€), tal “Achega das Forais” constituiría *a única*

transferencia “vertical”, dada a desaparición no novo SdF dos fondos existentes no vixente aos que daban tal denominación xeométrica. {FSG + FFCC}.

[Precisamente, no contexto destas “alternativas de financiamento”, consideran que as **necesidades de gasto nos SSPPFF** das CCAA de réxime común, **deberían atenderse por catro vías**: **a)** a parte principal dos tributos “cedidos” = **ITAC** = IRPF + IVE + IIEE; **b)** as transferencias **finalistas** das outras administracións aos SSPPFF; **c)** as “transferencias verticais” de nivelación, e **d)** o **incremento da recadación** derivado **dunha suba de impostos indirectos** para mellorar a cobertura das necesidades de gasto nos SSPPFF].

- Pola **suba** dos tipos **autonómicos** de IVE e IIEE e/ou “**a petición expresa das CCAA**”, das **escalas autonómicas** de referencia de **outros tributos “cedidos”**, que serían as que se aplicasen ao cálculo da súa recadación normativa. Estes recursos, procedentes **da suba nos tramos autonómicos**, exclusivamente, se integrarían no Fondo Básico de Financiamento (FBF), ben incorporándose a compoñente (IVA+IIEE), ben incorporándose a outra compoñente (o CAFB), segundo for a “elección obrigada” das CCAA.
- Por si o anterior non abondara, **a achega total do Estado** ao SdF no ano base **descoñecido** do novo sistema, repartiríase entre o FBF e o FNV “**segundo se acorde coas CCAA**”. Embora a parte a integrar no primeiro fondo (FBF) propoñen que tome a forma **dun incremento no valor inicial do tramo autonómico do IVE e dos IIEE**.
- No ámbito das **competencias singulares** (fondo FCF), no caso das que lles parece previsíbel a súa **xeneralización**¹² [certamente este non é un estado federal auténtico, malia a ser “o máis descentralizado do mundo”, mesmo a nivel tributario(!)], se integrarán, por iso, no mecanismo xeral de financiamento (non no FCF). No caso das **non xeneralizábeis**, como resulta habitual, para a súa **valoración** (no ano base) remítense ao **nivel medio observado** de gasto **estatal** por habitante ou por poboación atendida, como si tal gasto medio (nas CCAA que aínda non teñen transferida a tal competencia) reflectiran a realidade de cada comunidade **individual**, alcanzando así unha nova **igualdade desigual**, que tanto caracteriza a este documento, ao igual que a propia CE, e, en xeral, a toda construción que veña asentada na ideoloxía españolista dominante, cada vez máis retrógrada e agresiva.

¹² Deixando por iso de ser competencias singulares, xa que as exercerían todas as CCAA de réxime común.

De se incorporar **novas competencias** ao sistema xeral de financiamento das competencias homoxéneas [FBF + FNV], os recursos que as financiaban **denantes** da súa transferencia (transferencias específicas do FCF, doutros instrumentos dos SdF vixentes, autonómico e local, ou recursos dos OXE) integraranse na **achega do Estado ao FBF**, procedéndose á **revisión da poboación axustada** (o suposto espello do custo real das competencias transferidas, das necesidades de gasto), así como ás ponderacións **dos catro bloques** de competencias que, **exclusivamente**, a efectos **do cálculo das necesidades**, corresponderían á Sanidade, ao Ensino, aos programas de Protección Social, e ao resto de servizos autonómicos (“outros servizos”). Bloques, que utilizarán **unha ou varias variábeis de reparto**, ademais, e tan importante, reflectirán o **peso no gasto observado no CONXUNTO das CCAA do RC** “posibelmente utilizando unha media móbil de varios anos”. Como vemos toda unha descrición **indeterminada**, nas variábeis de cada bloque e das oportunas ponderacións, cara formar a poboación axustada, ou sexa, segundo eles, as necesidades de gasto, que deberían ser as reais, segundo nós, das diferentes CCAA, unha cuestión esencial máis que queda no limbo celestial para que se **determine na vindeira negociación, en función do peso político de cada quen**, e que tivo como resultado histórico un maltrato continuado do noso País. Mais aquí temos de novo como unha **media do conxunto estatal do RC**, sexa a correspondente ao **ano base**, onde todos os dados son de coñecemento, sexa a correspondente “ao pasado recente”, desprezando a moita ou pouca dispersión ou varianza dos dados, beneficiará/prexudicará ás diferentes CCAA do RC, en todos e cada un dos bloques, **agás que pensen que o peso do gasto en todas e cada unha das CCAA é o mesmo que esa media conxunta do RC para cada un dos catro bloques**, un indicador exacto das súa estadía permanente en Babia e da adoración ou veneración das igualdades desiguais. O problema para as CCAA é que non afrontan as demandas específicas dos cidadáns de servizos públicos con **medias conxuntas estatais**, senón cos **recursos reais que lle supón o seu custo**, nunhas condicións de xestión eficaz e eficiente deses servizos.

Finalmente, dese gasto **observado** (que non sei se haberá de entender por iso os **gastos non financeiros liquidados**, excluindo “como é de rigor”, todas as **operacións financeiras**, como se as CCAA non se endebedaran, non tiveran que lle facer fronte as amortizacións anuais correspondentes, non tiveran que atender as necesidades das súas empresas públicas, e demais), haberá que deduciren:

- Os **xuros**, xa que non serven para nada, pois deben ser un gasto derivado do endebedamento para financiar cuestións inútiles (aínda que as CCAA só poden endebedarse para financiar investimentos, incluídos os necesarios para o funcionamento dos servizos, segundo a LOFCA), acusándoas, implicitamente, do que tiñan que facer co seu estado, que **reduplica o endebedamento do conxunto das CCAA en cousas en boa parte, inútiles, cando non perversas ou aberrantes**.
- A parte financiada con **transferencias condicionadas** como os fondos comunitarios **estruturais** ou o financiamento específico da Administración central das **competencias singulares** “cara illar as partidas de gasto que **teñen que financiarse cos recursos do SdF xeral** “ [FBF + FNV].
- En canto a **suficiencia dinámica**, dado que o actual indicador (ITE) presenta diversos problemas, en especial unha **volatilidade superior á da actividade económica**, propoñen a posibilidade de introduciren un novo indicador (o IEAE, ou **Índice de Evolución da Achea Estatal** ao SdF), que se calcularía como a media dos índices de evolución do ITE e do PIB nominal **do conxunto do réxime común**, como resulta neles habitual. Outro nome que non ten nada de neutral, como si os impostos que forman o ITE ou o PIB se xerar “no estado”.
- Recoñecen que no período 2002-2014 (e o mesmo pode dicirse do 2015, último ano liquidado), con carácter xeral, **as previsións** dos compoñentes que forman parte dos **ingresos a conta** –previsións do goberno central que nutren os recursos do día a día das CCAA-- e que, actualmente, se **liquidan dous anos** logo, **non se corresponderon coa realidade**. Así pois no novo sistema, neste ámbito, fan algunha proposta que consideramos axeitada, como que as entregas a conta en relación cos fondos que integran os recursos totais [FBF, FNV, FCF] se efectúen **ao 100%** da previsión, ou que **se adiante un ano a liquidación** do SdF, pois parece imposible que un estado tan perfecto, non conte co aparello estatístico que o permita.
- No Anexo do capítulo 2, presentan dous **escenarios de gasto** das CCAA de RC, no que se mostran uns datos, que nós enfrontaremos cos da Liquidación do SdF e dos orzamentos das CCAA, no exercicio 2015 ao que os refiren, elaborados polo Mº de Facenda e AAPP, para o caso da alternativa **a)** “*de axuste do nivel de gasto aos ingresos de 2015*”, introducindo tamén o caso galego. No Cadro da páxina seguinte, se presentan os resultados que obtivemos.

DOCUMENTO DOS "EXPERTOS CON BANDEIRA"									
CADRO 1: Escenarios de Gasto das CCAA de Réxime Comun									
a) Escenario : Axuste do nivel de GASTO ais INGRESOS de 2015									
Os datos están baseados nos OO Liquidados e na Liquidación do Sistema de Financiamento do ano 2015 (Mº Facenda e AAPP)									
	RC	GZ					RC	GZ	
1. GASTO OBSERVADO (GNF - ORN)	131.999	8.875			A) RECURSOS ITAC		79.798	4.699	
SPF	99.488	6.514			IVA		30.152	1.862	
RESTO DE SERVIZOS (*)	32.511	2.361			IIEE		13.434	936	
					IRPF		36.212	1.901	
					B) TRANSFERENCIAS VERTICAIS		14.481	2.145	
(*) Isto inclúe Investimentos, e transferencias de todo tipo, xuros débeda, etc..					FG + FFCONVERXENCIA		13.449	1.569	
					FSG		1.032	575	
					C) OUTROS RECURSOS		20.486	1.610	
					Tributos cedidos		12.592	550	
					Tributos Propios		2.482	135	
					F. espec. SPF		2.298	154	6,71% (%PA)
					F. esp. Resto Servizos		3.114	771	
					D) RECURSOS NON FINANCIEROS		114.765	8.453	
					E) RECURSOS ADICIONAIS		0	0	
2) NECESIDADE GASTO A NÍVEIS DE 2003 (**)	116.741				F) TOTAL RECURSOS NON FINANC.		114.765	8.453	
					G) RECURSOS DÉFICIT AUTORIZADO (***)		6.934	391	0,7% PIB
3) NECESIDADE GASTO A NÍVEIS DE 2004 (**)	121.140				H) RECURSOS + DÉFICIT		121.699	8.844	
4) NECESIDADE GASTO A NÍVEIS DE 2005 (**)	125.935								
					AXUSTE DE GASTO (H -1)		-10.300	-31	
(**)									
GASTO NON FINANCIERO 2003 - ORN	98.458				(***) DÉFICIT ORZAMENTARIO - ORN		17.234	422	
GASTO NON FINANCIERO 2004 - ORN	109.020				DIFERENZA SOBRE AUTORIZADO		10.300	31	
GASTO NON FINANCIERO 2005 - ORN	120.416								
DIFERENZA:					Isto nos apresenta a evidencia de que de utilizaren os Déficits non Financeiros reais, obviamente o axuste de gasto sería nulo. Menudo "invento".				
NECESIDADE GASTO - GASTO NON FINANCIERO:									
2003	18.283								
2004	12.120								
2005	5.519								

5. A respecto do Sistema de Concerto e de Convenio

Hai que dicir que recoñecen estes sistemas como **COMPLETAMENTE DISTINTOS** do de réxime común, quizais indicador de que algúns deles son capaces de distinguir que o concerto (convenio) corresponde ao financiamento propio dunha **nación**, mentres co SdF do RC, corresponde ao financiamento como **rexión**, onde **queren ver a todas as CCAA**, para maior gloria do seu españolismo.

Por iso ao longo de todo o documento se formulan propostas na idea de os laminar (“cepillar”) para **os aproximaren todo o posíbel ao réxime común**, algo quizais imposíbel, para o que non dubidan en botar man do que lles interesa da súa constitución, en concreto, a non implicación de privilexios económicos –a súa teima central—ou como tamén recolle, como non podía ser doutra maneira a LOFCA, no seu artigo 2a), ignorando que **é en base a esa Constitución e aos Estatutos correspondentes onde teñen o seu novo fundamento e como veñen funcionando estes sistemas**, que proceden de moi atrás. A posta en cuestión de toda relación bilateral, por entender que implica **unha relación en pé de igualdade** (como reflicte, por exemplo, a composición paritaria das comisións de negociación do **cupo** vasco ou da **achega** navarra), algo para eles inaudito, vivindo na pantasmada dunha soberanía única, **que non ten igual, por definición**. A reivindicación de realización dunha achega **ao novo SdF de RC** por razón da necesaria “nivelación **inter-rexional**” (esquecendo o recente acordo sobre a lei do **cupo** vasco con base 2017, por non mencionar a blindaxe do concerto desde o ano 2002, ao se establecer unha vixencia indefinida). A inclusión das comunidades forais na súa proposta de “Administración tributaria **integrada**” (capítulo 3, epígrafe 9.2, parágrafos 52 e 53) [a AEAT en todo o seu esplendor por todo o territorio da pel de touro, **como se a soberanía fiscal non descansara nas deputacións forais**, polo que resultarlalles esperpéntica –ao igual que ao Presidente da Xunta actual--, a reivindicación da transferencia das delegacións/administracións galegas da AEAT, para conformar unha facenda galega propia, símbolo expreso da **responsabilidade plena tributaria**, da autonomía real fiscal e da posibilidade de formular unha política fiscal progresiva e progresista, en consonancia coas particularidades do noso País, baseamento esencial da autonomía real (integral) política, e da **responsabilidade completa** do goberno galego fronte as galegas e galegos]. Mesmo no ámbito do IVA e dos IIEE (capítulo 3, epígrafe 3, parágrafo 22) chegan a solicitar, nada menos, que a **modificación do concerto e do convenio** (terán en conta a lei, incluída a sagrada para eles?) cara “aseguraren a coordinación das distintas administracións que

deberán reflectiren LEGALMENTE **os cambios de tipos que se acorden**". Como vimos, a súa concepción regresiva a respecto do sistema tributario se manifesta tanto na redución severa das escasas competencias normativas nos impostos directos (progresivos, aínda que hoxe ben pouco), para defender un incremento da "cesión" [sen afección obvia aos sistema de concerto e convenio, aínda que co ritmo que levan os propoñentes, ben lles gustaría a súa aplicación], e **a suba de tipos** nos regresivos impostos indirectos (IVA e IIEE) que **debería trasladarse automaticamente ao concerto e convenio**. A creación de diversos organismos de coordinación no CPFF e, naturalmente, a súa proposición do que disfrazan como a necesidade **"dunha forte redución das desigualdades existentes entre os territorios forais e as CCAA de RC, en termos de financiamento por habitante axustado"**. Mais iso si, nada lles importa que o PIBpc de Madrid sexa superior ao do País Vasco, xa non digamos co de Galiza, que segundo o INE (1ª estimación do ano 2016) supón unha diferenza absoluta de nada menos que 11.358 € por habitante, entre a comunidade madrileña e a galega, cuestión que parece raro aconteza no paraíso de "igualdade" na que viven.

Como corresponde a súa ideoloxía españolista radical nada ten de estrañaren esta **posición estúpida e inviábel politicamente**, mais tanto lles ten: cal deuses, pretenden convencérmonos cales son as igualdades e desigualdades que temos que aturar, para que a clase parasitaria que sustenta o Reino de España, da que pretenden ser os seus servidores máis fieis, continúe a vivir no mellor dos mundos posíbeis, mentres as maiorías sociais se depauperan en grao crecente, e a situación de subordinación e dependencia de nacións como a galega impliquen a succión dunha parte importante do excedente aquí producido polo conxunto dos seus traballadores, o que impide que dispuñamos dun nivel de benestar que corresponda a nosa riqueza potencial, ás nosas potencialidades de desenvolvemento auto-centrado, o que exige como unha cuestión prioritaria en tanto que galegos, situar o centro de decisión no noso País, avanzar na súa soberanía plena, liberándonos deste estado *mesetario* e opresor, que nos esmaga económica, social e culturalmente.

6 Outras cuestións diversas

- Logo de presumiren do (falso) proceso "de intensa descentralización", o que realmente propoñen é a definición **"dun novo marco institucional"**, que, como se pode comprobar da lectura deste documento implica unha re-centralización, disfrazada de coordinacións, colaboracións ou conceptos equivalentes,

potenciándoas no seo das Conferencias Sectoriais e o CPFF, que, particularmente, vense reforzados na súa actuación, abrindo un camiño que conduce á restrición máxima da *bilateralidade* (da que non se salvan os sistemas de concerto e convenio, como vimos), mesmo **reformando o sistema de votación** cara o establecemento de regras que **“fomenten un consenso suficiente”**. Así propoñen atribuíren as competencias de establecer “os estándares *mínimos* dos servizos e certos *co-pagos*” ás C. Sectoriais, aparte que un non sabe para que serve a tal fixación, no caso primeiro, reiterada e historicamente “fixada” (CE, LOFCA, SdF, ...), e sen efecto práctico até o momento, malia a existencia da súa benéfica “*carta magna*”, que, mais unha vez, dá boa proba da súa utilidade.

O mesmo acontece co feito da necesidade de proveren un “**impulso político**” --tan “apolíticos” (ou o disface como “técnicos”) como se declaran en todo momento, **de maneira falsa por imposible**--, da Comisión Xeral das CCAA, tal como prescribe o Regulamento do Senado, da mesma maneira que se fai unha consideración moi proveitosa da Conferencia de Presidentes, das que un non coñece realmente porque, á vista dos seus resultados prácticos, no esencial, que por suposto non se explican, para o caso das celebradas até hoxe.

Mesmo no ámbito da sanidade consideran moi aconsellábel reforzaren a cooperación e coordinación entre CCAA, coa suposta finalidade “*de maximizaren o aproveitamento dos recursos destinados ao sistema sanitario*”, o que consideran “especialmente certo” no caso das CCAA de menor poboación “*que poderían partillar coas súas veciñas servizos e instalacións especialmente custosas...*”. Por que non todos os SSPP e afectar CCAA e estado?

- A “**lealdade institucional**” considéranla un principio “superior”, sobre todo, como se reflicte ao longo do documento, cara atar da maneira máis centralizada as actuacións das CCAA, esquecéndose e librándose o seu estado da crítica pertinente, ***polas moitas decisións, que el, unicamente, pode adoptar sen consultaren con ninguén, e que afectan de maneira directa ou indirecta tanto aos gastos como aos ingresos das CCAA***, sen que sexan compensadas, malia os prexuízos que, en maior ou menor grao, se lles ocasiona. Aproveitan pois, no seu beneficio, para nos lembraren a Sentenza 13/2007 do seu Tribunal Constitucional, referida a este tópico, e segundo a cal “*non existe un dereito das CCAA constitucionalmente consagrado a recibir un determinado financiamento, senón un dereito a que a suma global dos recursos existentes (...) se reparta entre elas respectando os principios de solidariedade e coordinación*”, deixando na nada a suficiencia que pregoa a LOFCA, e, de facto,

opoñéndose á descentralización, pois sen os recursos necesarios para exercelas, para que unha CCAA pode desexar que se lle transfiran competencias?. Mais tal é a lóxica que preside a defensa dun españolismo trasnoitado, fundamentado na soberanía única. ***Son incapaces de entender que ningunha nación que aspire a liberdade quer nin desexa a pretendida solidariedade, que resolve de maneira contundente a existencia da plena responsabilidade fiscal, da mesma maneira que ningunha persoa libre desexa per se solidariedade do tipo á que nos referimos aquí, senón poder vivir con plena autonomía e suficiencia grazas ao seu traballo.***

Mesmo a súa proposta de ***saldar as “contas”*** en base a este “principio superior” derivadas do ***prescrito na Lei do SdF vixente***, co establecemento dunha “nova garantía” de suficiencia financeira “*que se acorde*”, no novo sistema, de facto, haina de entender como unha ***nova tomada do pelo ás CCAA***, a beneficio de inventario do seu benfeitor estado. Cuestión, por certo, nada novidosa, pois o mesmo aconteceu cos anteriores SdF. E que poñen de relevo como para estes “técnicos” o verdadeiramente importante é a fixación de “principios” inoperantes na práctica, e non a realidade, coa que hai que atender as necesidades e demandas dos habitantes das diferentes CCAA.

- A respecto do FCI, única transferencia estatal cos obxectivos da “solidariedade” para alcanzar a ***“igualdade territorial”*** (artigo 158.2 da CE), igualdade á que lle acontece o mesmo que no problema da persecución polo veloz Aquiles da lenta tartaruga, alén de que hoxe, tales fondos, alcanzan niveis mínimos para o noso País, polo que o máis propio ***sería caracterizaren tal transferencia*** de capital (para a realización de investimentos, na súa maior parte) ***de esmola***. Porén, non teñen empacho en recoñecer o ***“incumprimento de facto do mandato constitucional e a súa escasa eficacia”***, indicando que teñen algúns momentos nos que a evidencia da realidade é tan trastornadora que fainos entraren en lucidez, mais, pola contra, mostrándonos de maneira nidia e cristalina como ese “incumprimento” sen paliativos da norma eterna, perfecta, omnipresente, divina, e por tanto, de “obrigado” cumprimento, non ten consecuencia práctica ningunha. Os “pecadores” poden estar ben tranquilos, que o ceo os agarda.

Xa que logo, fanse propostas, ben coñecidas, coas que resulta difícil estar en desacordo, máis trátase de propostas xenéricas, non concretadas, no sentido de ***cuantificadas***. Así estamos no problema de sempre, de como as facer operativas (agás o consabido “*acordo entre administracións*”), como se producen, na realidade tais modificacións. Isto é o máis importante, sobre de

todo a estas alturas do tempo, logo do océano de “solidariedades” e “igualdades” de todo tipo, en espacial a “territorial” que nos levan predicado, após da entrada en vigor da súa divina constitución, a existencia dun (inútil) Senado e demais.

Como é sabido, non existe desde un punto de vista político, ningún problema “territorial”, *existe o problema das nacións sen estado que negan con teimuda contundencia, como reflicte actualmente de maneira directa o caso catalán*. Non hai que dicir, que é este recoñecemento o que fará que as nacións dotadas de soberanía fiscal propia e de competencias para manexar todos dos asuntos que lles afectan, sexan políticos, económicos, culturais, ..., poderán, por fin, vivir na realidade, é dicir, desenvolver, mellorar o benestar dos seus cidadáns, e esquecerse do mundo españolista actual, fundamentado en “igualdades” falsas, inauténticas, inexistentes, para beneficio da súa minoría “dirixente” de carácter notoriamente parasitario. O caso da súa “igualdade territorial” é quizais, o tópico máis relevante e inútil, na práctica, predicado por un documento que consideran sagrado, e divulgado con entusiasmo digno de mellor causa, por toda a lexión de “técnicos” e “científicos” *ad hoc*, ao servizo desa podremia.

Faltaría máis, demostrando a catadura ideolóxica dos propoñentes, pensan que cara “*unha maior lexitimidade e efectividade*” do FCI, resulta ineludíbel a oportuna avaliación *ex ante* e *ex post* dos investimentos “*sobre a base de informes independentes*”, (que terá a ver a “lexitimidade” ou a “efectividade” do FCI con isto?) como si tal fora o problema en si, como non sexa para se aproveitar economicamente diso, esquecéndose dos longos informes que, con periodicidade trimestral nos regala o Mº de Facenda, por non falar da existencia do IGAE ou da fiscalización do Tribunal de Contas español, así como dos Tribunais de Contas autonómicos, polo menos, onde existen.

Mais perversa parece a formulación baseada na “*re-asignación dos remanentes ENTRE AS CCAA que presenten proxectos de investimento con maior potencial de desenvolvemento económico, creación de emprego ou redución de desigualdades entre territorios*”, cando o FCI trata destas cuestións a nivel de cada unha das CCAA afectadas, e non dun desenvolvemento económico “xeral”, como non sexa dunha maneira indirecta, do que xa temos sobradas mostras do que ten significado para nós e para outros. O que ademais de provocar a succión de recursos dunhas comunidades por outras (quen decidiría todo isto?), seguramente provocaría un incremento da desigualdade, e boa proba diso, é a referencia que fan á **reserva de eficacia** que dispón a Comisión

da UE (non “europea”) no caso dos fondos estruturais. Por outra parte, o que precisa a UE é unha transformación de tal calado que suporía unha auténtica revolución, para a facer eficaz en plenitude como institución supra-**nacional**.

- Abandonando o tradicional sentido e obxectivos da estabilidade **económica**, e cara a afianzar as formulacións ideolóxicas da teoría económica dominante, que sitúa o nivel de déficit como a variable de control máis importante, chegan a xustificaren o uso do endebedamento polas CCAA sempre sob o establecemento de **reglas fiscais agregadas** --é dicir, consolidar e afondar na situación actual, que anula, de facto, a **política orzamentaria propia** das CCAA¹ “supervisadas” polo goberno central ou por “**alguna entidade independiente**” (supeditando a democracia a un certo tipo de formulación económica **elitista** e reaccionaria, para simplificar). Que ten a ver isto cos descentralización?. Pura tolemia. Formulación que, por outra parte, agocha, implicitamente, a **caracterización dispendiosa e de desconfianza das CCAA**, ocultando que o problema esencial do déficit e do endebedamento, nesta etapa de crise, **deixando de lado agora o arrepiante endebedamento privado** (das empresas financeiras e non financeiras, das familias), **provén**, no caso das administracións, **do goberno central** (como poderían comprobar se miraran os datos publicados polo Banco de España, ou os propios Ministerios de Economía ou Facenda). Mais iso non lles preocupa.

E é que o anterior, como sabemos, o españolismo considérao como un dogma esencial, cara “xustificar” aínda máis a necesidade do seu estado, confundido cunha nación-única fantasmagórica.

Resulta curioso que mencionen aquí que, como consecuencia da grande crise e da **deficiente conformación intrínseca do SdF de RC** que, malia isto, **non se procedera xa a súa modificación**, dadas as dificultades que atravesaban as CCAA cara facérenlle fronte aos gastos, nun momento de escaseza de recursos e de maior demanda dos servizos públicos esenciais, senón que, pola contra, o goberno central introducira no ano 2012 uns **mecanismos adicionais de financiamento extraordinarios**, entre eles o Fondo de Pago a Provedores e o Fondo de Liquidez Autonómica (FLA), que redefiniu o RDL 17/2014 [dentro da febril utilización nestes anos polo PP deste tipo de instrumentos legais, cara impediren o seu debate inmediato], que crea o Fondo de Financiamento ás

¹ As que se lles **fixan niveis de déficit e endebedamento iguais para todas elas**, malia seren conscientes das obvias e notorias diferencias entre as CCAA no referente aos seus principais parámetros económicos e sociais, así como dos seus niveis de déficit e endebedamento individuais. **A mesma talla para todas e todos**, que agardemos non se lles ocorra utilizar aos médicos de quenda, para mellor preservar o benestar individual das persoas doentes.

CCAA, con dous compartimentos, o FLA (herdeiro do anterior) e a chamada Facidade Financeira.

Esquecendo, xa que lles resulta necesario ás súas finalidades, cal foi a aplicación destes mecanismos, consistentes, en xeral, en préstamos brandos, do tipo das medidas cuantitativas de rigor, que hai que devolver. E a liorta que teñen entre eles no documento e mesmo nas alegacións, a respecto da posibilidade dunha medida de **quita** (total ou parcial) é de nota, e case resulta unha das lecturas máis entretidas del. Así nonos explican o resultado do efecto destes mecanismos adicionais **na ampliación das desigualdades entre as CCAA**, tendo en conta a sintomática **non participación das comunidades forais**, e a moi diferente participación das CCAA de RC, das hai que salientar a Galiza, que no período 2012-2016, unicamente utilizou o 1,9% da totalidade destes importantes recursos cuantitativamente.

Cara remarcar que **o problema central é o endebedamento autonómico (!)**, nada menos que **a estabilidade orzamentaria** (equilibrio ou superávit orzamentario) e a **sustentabilidade financeira** (capacidade cara financiaren os compromisos de gastos **presentes e futuros** dentro dos límites de déficit e débeda pública) [*L.O. 2/2012*], **debe de ser converter nunha cultura (!)**, para as CCAA hai que entender, non para a AC, demostrándonos canto lles praxe a *constitucionalización re-centralizadora e reaccionaria desta “cultura”*.

A Táboa seguinte pretende subministraren un reflexo das dificultades financeiras das diferentes institucións por mor da grande crise, e da súa afectación a cada unha delas. Nótese que, malia que **o groso do endebedamento público repousa na Administración Central**, é certo que a súa evolución desde a situación **de pre-crise até hoxe**, foi moito peor no caso das CCAA, indicador preclaro de a quen afectou máis a “política de austeridade”, xunto cos Concellos [sen considerar aquí o denominado **“gasto desprazado”**², que no caso da Xunta de Galiza, e no período 2010-2015 atinxiu 1.986 M€, 1.049 deles correspondendo á Sanidade], poñendo tamén de manifesto como estas, malia o establecido na LOFCA (endebedamento só para gastos de capital), nunha etapa na que este tipo de gastos alcanzaron niveis mínimos, o endebedamento tivo de lle facer fronte as tensións derivadas de

² Entre outras cousas por descoñecemento dos datos concretos sobre isto para as diferentes CCAA de réxime común, agás o caso galego [Informes do Consello de Contas sobre a Conta Xeral da comunidade autónoma].

afrontar o custo dos servizos públicos, sometidos a unha redución continuada, especialmente os considerados esenciais.

<i>DÉBEDA PDE</i>	<i>Pre-crise</i>		<i>Actual</i>		<i>Δ%</i>	<i>S/%T</i>
	<i>2007</i>	<i>%T</i>	<i>IVT 2016</i>	<i>%T</i>	<i>2016/07</i>	<i>Δ%</i>
AC	301.701	78,4	796.622	72,0	164,0	-6,4
CCAA	61.690	16,1	276.899	25,0	346,9	+8,9
CCLL	29.385	7,6	32.094	2,9	9,2	-4,7
SS	-8.383	-2,1	1.337	0,1	---	+2,2
TOTAL	384.662	100,0	1.106.952	100,0	187,8	0,0
GALIZA	3.712		10.854		192,4	
% s/CCAA		6,0		3,9		-2,1
% s/TOTAL		1,0		1,0		
I. Correntes C.						
Total CCAA	138.379		131.943			
GALIZA	8.817		8.055			
Carga Débeda						
Total CCAA	6.133		26.531			
GALIZA	607		1.604			
% T. CCAA (1)		4,4		20,1		
% Galiza (1)		6,9		20,0		

(1) Artigo 14 b) LOFCA: Carga Débeda ≤ 25% dos Ing. Correntes Cons.

(Os datos dos Ingresos Correntes e Carga da Débeda en 2016 son provisionais).

A tais “racionalidades” conduce o estaren sometidos a un SdF intrinsecamente negativo, malia as louvanzas vertidas sobre el por todos estes “expertos”, e mesmo “sabios”, e que as súas propostas, ***non obrigadas para ningún***, dun novo SdF van na dirección de o empeorar desde case todos os puntos de vista.

No caso galego, podemos sinalar, nesta etapa considerada, unhas cuestións esenciais:

- O medre porcentual do seu endebedamento é algo superior ao do conxunto das AAPP (192,4 fronte 187,8).
- Que malia tal crecemento, é moi inferior ao experimentado polo conxunto das CCAA (192,4 fronte 346,9), de maneira que a participación da débeda galega no conxunto autonómico, redúcese en 2,1 puntos porcentuais.
- ***O endebedamento galego significa, ao longo deste período, un paupérrimo 1% do endebedamento total do conxunto das AAPP.*** Todo o que fai máis rechamante a submisa posición do Goberno galego, soportando un maior

deterioro dos servizos que presta, que podería terse minorado botando man dos mecanismos adicionais de financiamento desde a súa posta en aplicación (o que explica parte do exposto no punto anterior). E que acontecería de ser dar unha **quita**, sobre estes recursos, tal como reflicte o espazo e a posición diversa reflectida polos proponentes, que case é o tema estrela do documento?. Obviamente: un bo servizo a súa España; un mal servizo á nosa Galiza.

- A LOFCA, a respecto do endebedamento do exercicio, exige ás CCAA, que a carga da débeda non exceda do 25% dos Ingresos Correntes. Tanto o conxunto das CCAA, como Galiza, cumpriron con este requisito, folgadamente no ano 2007, mais situouse no 20% no exercicio 2016 (dados provisionais). Límites por todas as partes para as CCAA, dos que “naturalmente” está liberado o sacrosanto estado español, de maneira que o endebedamento da Administración Central, **non só significa case as $\frac{3}{4}$ partes do conxunto das AAPP**, senón que incumpre amplamente o límite do 60% comunitario por si soa (aínda que este límite se refira ao conxunto das AAPP), que certamente non é o único en incumpriren, pois é precisamente isto o normal, e non sometido a “castigo” ningún, para maior beneficio da banca. O raro é atoparen un estado que realmente o cumpra!. Mais non pasa nada, a diferenza do que acontece cando se superan os límites establecidos para o caso do déficit, o *totem* divino a cumprir, polas boas ou polas malas (Procedemento de Déficit Excesivo).

Pois ben, a tal “cultura” preténdena impoñer mediante unha reconsideración centralista da metodoloxía para **a fixación e seguimento dos obxectivos de “estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”**.

“Cultura”, que sendo central e imprescindible para as administración públicas de todo tipo, segundo eles, **parecería lóxico, que como “científicos”, deberían estender tamén ao sector privado** (empresas e familias), o que faría inútil a existencia da banca, coa conseguinte evitación dos recorrentes desbarates que provoca a súa existencia neste tempos, e iso quizais, supuxese o comezo do derrubo do sistema capitalista, inútil e incapaz, en todas as formas e modelos históricos adoptados, de converterse nun sistema capaz de atender e satisfacer as necesidades de todos os cidadáns, tanto a nivel local como mundial. Mais se pode apostar con certeza que seguramente non é tal a pretensión dos proponentes deste documento, que non se caracterizan polo máis mínimo respecto, nin a lóxica aristotélica, e menos a lóxica hegeliana ou dialéctica, da mesma maneira que **o seu obxectivo central é impediren a democratización do estado español, a través do recoñecemento das**

nacións realmente existentes e, quizais, da súa re-configuración se as nacións, en pé de igualdade, así o deciden.

“Cultura” que, no relativo ao endebedamento, depende para eles **do volume global de recursos que se acorde** no novo SdF, que eles vense na incapacidade e mesmo na imposibilidade para os calcular [**habrá que os nomear a todos eles Conselleiros de Facenda e Economía das respectivas CCAA, e así seguro que aprenderán iso**], o que dános a medida exacta da obxectividade de baseamento do sistema, así como da súa capacidade de xeración de “**superávits primarios** [a diferenza entre ingresos e gastos non financeiros, sen inclusión nestes últimos dos xuros da débeda] sob cumprimento das regras de gasto establecidas”. Así, nos regalan cunha das súas espléndidas xeneralidades vans, pois os ingresos e superávits dependerán **da asignación de recursos entre CCAA que o modelo contemple**, en función dos **obxectivos de nivelación decididos** e os **criterios de cálculo de necesidades por habitante** adoptados. Certamente in mellorábel. Asemade propoñen o “**reforzo**” das restricións ao endebedamento das CCAA de maneira que sexan “consistentes” co establecido na L.O. 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira [que farían se non existira isto, deus!], consecuencia do cumprimento do “**mandato constitucional**” do artigo 135, modificado en novembro de 2011, instando, ademais, a un **pacto interno de estabilidade, sustentado nun amplo acordo político**, como sempre. E que acontece cos outros “mandatos” da divina “norma”(!) reiteradamente “incumpridos”?.

Esta L.O. retrógrada e centralista, que pretende facer **eterna** a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira, ao igual que acontece coa súa constitución, ademais de ser a introdutora da xa famosa **regra de gasto** (de **limitación do gasto**, mais exactamente), da **utilización dos superávits orzamentarios para a redución do endebedamento neto**, tamén exige que no ano 2020, ademais de se dar a **inexistencia de déficit estrutural**, en situación normal, e que o endebedamento das **AAPP $\leq$ 60% PIB** [UE], repartido nun 44, 13 e 3% para a Administración Central, as CCAA e as CCLL, respectivamente, reservándose a primeira a parte do león, pois supón case as $\frac{3}{4}$ partes do límite total. E xa que segundo os propoñentes **é tan cativo o seu peso no gasto do conxunto das AAPP**, aparte da inutilidade de grande parte del, non se entende que lles pareza ben semellante reparto da **tarta da débeda**, actuando coas súas propostas, no sentido de **premiar con máis alcol aos alcólicos en situación de delirium tremens**. Mais estamos no ámbito do sacro-santo Estado español, claro. En relación co nivel actual galego do

endebedamento sobre o PIB, isto significará *unha diminución do seu endebedamento en 7 puntos porcentuais de PIB e, en consecuencia, menores ingresos, menores gastos e máis “política de austeridade” para as maiorías sociais, sobre as que recae a parte fundamental da carga tributaria.*

E tamén, para alcanzar “*melloras substanciais dos resultados de coordinación*” no endebedamento das CCAA, nada mellor, como é ben sabido, a estas alturas, que o *fortalecemento* centralista do papel actual do CPFF.

- Os propios propoñentes divídense a respecto da cuestión *das medidas de financiamento adicionais*, establecidas a partires do ano 2012, en *maioritarios*, que negan a aplicación de calquera *quita ou beneficio* e moito menos que esas medidas podan se converteren en *permanentes*, tanto mais cando se está a punto de establecer un “novo” SdF *perfecto*, consecuencia directa do seu afoutado traballo, das súas receitas maxistras; e en *minoritarios*, para quen, resumindo, entenderían unha redución da débeda que supoñen esas medidas. Resulta curioso que o seu ideólogo central [a quen parece sentarlle ben proveitosa a “realización” dunhas balanzas fiscais *sui géneris* para o vixente goberno do PP], *en representación do goberno central* [porta-estandarte de máximo nivel da bandeira españolista, en consecuencia], camiño sabe deus de alcanzar que metas, na liña dun Montoro calquera, apresente unha alegación na que acusa aos propoñentes do texto de “*expertos con bandeira*”; de se ver mais “como representantes da administración que os propuxo, que como *expertos independentes con opinións baseadas en criterios profesionais*”, e cousas peores. Mesmo se queixa de *non dispor dun mecanismo de voto ponderado que equilibrase os pesos das dúas administracións* (AC e CCAA), segundo dispón o artigo 17.5 da lei 40/2015. A consecuencia directa que deducimos disto, é que todas as reunións celebradas, seguramente ben pagas, *foron ilegais, e a policía, como sempre, sen facer nada!*. E curiosamente *sobre a cuestión da quita* á débeda derivada da instrumentación dos mecanismos adicionais de financiamento, afirma que “compartindo a posición da parte “maioritaria”, mais sendo conscientes que *esta situación podería se producir en contra das nosas recomendas....*”, o cal, seguramente, habería que relacionar, con certas propostas que o goberno central estaría disposto a lle facer aos cataláns (tan só?) de se converteren en “homes/mulleres de ben” e renunciaran ás súas aspiracións de liberdade.

DÍA DA GALIZA MÁRTIR DE 2017

CPN

Cadernos de
Pensamento
Nacionalista



www.terraetempo.gal

terraetempo
dixital galego de pensamento nacionalista